



O FARELO

Nº11

Novembro de 2017

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

O regreso da
Filosofía,
máis cerca nas
aulas galegas



Páxina III

A Deputación da
Coruña nomea
Fotógrafo
Histórico a
Carlos Valcárcel



Páxina V

Cineuropa 31:
cinema,
xuventude e
revolución



Páxina VI

Festival de
Jazz de Lugo



Páxina IX

Castro Caldelas
será sede do
Museo
Antropolóxico
da Ribeira Sacra



Páxinas XII



Fins de Semana Gastronómicos de Porto e Norte

Os X Fins de Semana Gastronómicos celébranse desde o 3 de novembro ata o 27 de maio. Haberá eventos nunha ou varias das 77 cámaras municipi-

pais e máis de 1.000 restaurantes que se sumaron a este proxecto durante cada fin de semana, excepto os días 3 e 4 de febreiro, que son as datas de Xantar.

Trátase dunha deferencia dos organizadores para permitir que todas as cámaras que o desexen poidan participar no salón internacional de Expoureense.

Páxinas XXII



*Saborido
Vinoteca*



988 217 442 Avda. Caldas, 51 Ourense

Miscelanea

Por Rafael José Adalid Rodríguez

O patrimonio da auga no Carballiño

Cando falamos da comarca de O Carballiño, aparte de referirmonos ó concello que porta ese nome, incluímos a Beariz, Boborás, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea.

Situada na provincia de Ourense, presenta un espazo privilexiado sobre a visualización do patrimonio cultural, dado os legados que se conservan por parte da súa sociedade. Ó falarmos da materialidade do patrimonio cultural, atopámonos cunha gran relevancia de moitas infraestruturas antigas, como o Mosteiro de Oseira que data do S. XII, a ponte medieval de Mandrás ou máis actuais como o templo ou igrexa da Vera Cruz, do arquitecto galego Antonio Palacios. Destaca tamén o Parque Etnográfico do Arenteiro onde, ademais de gozar do sendeirismo, se observan muíños recuperados. Tampouco nos debemos esquecer da torre do Reloxo, os pazos señoriais de Pazos de Arenteiro e dun dos castros máis importantes do territorio galego: o Castro de San Cibrao de Las. Habitado dende o S. II a.c., non so presenta grandes achados que o público pode contemplar. Dentro do máxín popular garda tamén unha rica tradición oral na que his-

torias sobre mouros, pasadizos con trabes ou a existencia dunha serpe, están presentes nas fantasías de diversas narracións orais que trascorreron de boca en boca durante anos.

Ó longo do territorio galego, dende a antigüidade e aínda no presente desta comarca, preséntasenos a auga como posuínte de propiedades e poderes. Chama especialmente a atención, a cantidade de historias que circulan sobre ela, crenzas, supersticións ou capacidades veraces que rodean ás augas, ás fontes e ó termalismo. Características das que os romanos, deixaron a súa impronta ó longo do noso espazo xeográfico, crenzas das propiedades mine-romedicinais das augas, como canle para conseguir a curación ou como terapia contra males.

Preséntasenos desta forma a importancia da auga do balneario do Carballiño, boas para infeccións intestinais, gorxa... unha vez inxestada. O de Caldas de Partovia para tratamento de pel, reuma ou outros problemas de ósos. A fonte de Brués para trastornos dixestivos, pel e reumatismo. Incluso dende a tradición oral da que circulan moitos contos, lendas e mitos, móstrásenos como milagreira e curadora como é así a de

Bañiño de Arcos, coñecida a raíz da máis que popular lenda do cazador e o can.

Noutras historias, aparecen tamén diversos personaxes mitolóxicos que gardan relación coas augas, como son: A Loureiriña de Beariz; en Cabanelas a aparición das lavadeiras a un veciño que con posteridade

Nelas, é notable a presenza da relixión, que non só deixa a súa impronta nestas historias como liberadora do mal. Existen outras narracións como a de San Martiño do Lago ou a da Fonte de San Fagundo, da que é o elemento central e se observa a creación de auga por



Gran Balneario do Carballiño.

presentaba síntomas de fatiga de tanto axudarlle a lavala a roupa, liberándose desta carga grazas ó consello e intervención do sacerdote; os mouros coa construción e derrubo, ata que intervéñ o catolicismo, da Ponte de Ponteboa...

parte divina. Desta forma, ante unha seca de auga, Fagundo por mor a chegar tarde el e mailo seu irmán a ouvir misa, implorou a Deus que brotase auga dun penedo para que bebesen seus bois; unha vez creados, nunca se secaron eses regos.

Por Jesús Témez Fernández

A deslealdade histórica de Cataluña con España e con Galicia

En pleno proceso de deriva independentista en Cataluña están a aflorar numerosos artigos e información na que se fan eco dos sucesivos momentos históricos onde a ruptura estivo a piques de producirse mediante declaracións unilaterais de independencia ao modo Puigdemont / Junqueras e asociados. A nota común é que todos eles fan referencia a sucesos ocorridos na contemporaneidad como o de 1873 baixo o paraugas da I República e os de 1932 e 1934 no período da II República. E quizais está a pasar desapercibido que o episodio máis representativo desta relación de deslealdade histórica produciuse na idade moderna con Felipe IV Habsburgo como rei da monarquía hispánica, que naquel entón englobaba a coroa de Aragón e a de Castela tras a unión dinástica de 1469 propiciada polos Reis Católicos. Prácticamente toda a historiografía adepta á causa secesionista acepta que o dominio Habsburgo de dous séculos significou para Cataluña e polo tanto para a Coroa de Aragón un grao de autonomía e de federalismo sen parangón para aquela época de predominio absolu-

tista en Europa onde precisamente o centralismo era a corrente modernizadora e vertebradora que outorgaba unha maior organización e benestar para os súbditos daquelas monarquías modernas. Pois ben, gozando dunhas cortes independentes, dunha lingua propia, de institucións locais que velaban polo cumprimento dos seus foros e outras bondades que a causa independentista esgrime historicamente, a felonía consumouse no episodio que se coñece como a revolta dos segadors. E, en que consistiu? Básicamente nunha revolta instigada e urdida pola nobreza e alta burguesía catalá que se manifestaban en aberta oposición ao acantonamento de tropas imperiais no seu territorio e á implementación do proxecto estrela do conde duque de Olivares, válido de Felipe IV que se coñeceu co nome de “unión de armas” e que consistía en repartir de forma máis equitativa e xenerosa os esforzos fiscais e de tropas entre as dúas coroas xa que o desequilibrio na achega das mesmas era máis que evidente e o beneficio da mesma máis que discutido. Todo iso terminou co asasinato do vicerrei (re-

presentante da coroa en territorio aragonés) e coa secesión e futura anexión a Francia e ao seu monarca Luís XIII que se converterá durante doce anos en conde de Barcelona.

Toda esta situación producíase no medio da desintegración e fragmentación do imperio hispánico que empezara a desmoronarse como un castelo de naipes pero que na súa outrora etapa de bonanza e esplendor tantos bos réditos xerara nas elites burguesas catalás. Cabe mencionar que o resto de reinos que conformaban a coroa de Aragón mantiveron unha fidelidade e lealdade á coroa indiscutible o que faría que a felonía catalá estivese máis que presente na retina dos burócratas que traballaba para a coroa francesa coa que tiveron doce anos de matrimonio de disputas constantes e amargo final. O centralismo europeo que trouxeron despois da guerra de sucesión os borbóns mediante os archifamosos decretos de nova planta e a supresión dos históricos foros cataláns é en moitos casos utilizado pola intelectualidade e clase política catalá como “causus belli” e orixe da disputa secular entre ambas “entidades”. Pois ben, sesenta anos antes gozando duns foros que protexían as súas peculiaridades lingüísticas e políticas como ningún outro estado moderno facíao, a rebelión púxose en marcha igual porque os intereses económicos e comer-

ciais xa non eran coincidentes e non podían ser defendidos coa mesma fruición pola monarquía hispánica. Despois da crise do 98 e a perda dos últimos territorios coloniais de Cuba, Porto Rico e Filipinas a operación volveu poñer en marcha por todos eses antepasados dos Forcadell e Mais coa nobre causa de que o seu casaríos quedaran baixo o paraugas doutra soberanía e os seus intereses xa non estaban igualmente protexidos. Consígnase era que España estaba devaluada e en franca decadencia espiritual e material. Como vemos en repetidas ocasións a historia demostrou que a deslealdade é unha impostura que se adoita repetir e reiterar perennemente en quen a práctica. Por iso chámame poderosamente a atención a defensa ardorosa que desde puntos e focos da nosa comunidade faise da causa nacionalista. Esa mesma causa que cando outorgan a Galicia algunha pequena concesión a modo de infraestrutura sexan os primeiros en saír para vociferar o inxusta e desproporcionada que é para os méritos dunha Galicia infradesarrollada e xamais acreedora de tamañas bondades.



Por Pilar Martínez

O regreso da Filosofía, máis cerca nas aulas galegas

O colectivo “Filosofía Si” logrou que o Parlamento galego respaldara a volta desta materia ao Bacharelato como materia troncal

“Emoción, fito histórico, obxectivo cumprido...”. Así se expresaban as integrantes do colectivo Filosofía Si despois de que o Parlamento de Galicia aprobase por unanimidade, o pasado 18 de outubro, que a Historia da Filosofía sexa materia troncal no Bacharelato. Trátase da primeira vez que unha Iniciativa Lexislativa Popular é asumida polos catro grupos con representación parlamentaria, e que precisamente fose en defensa da filosofía, despois de que esta ILP conseguise o respaldo de máis de 8.200 sinaturas en tres meses, posúe unha carga simbólica que non se lle escapa a ninguén.

No debate que tivo lugar no

Parlamento galego, os voceiros e voceiras de Educación de BNG, En Marea, PSOE e PP resaltaron a importancia da filosofía na formación das persoas como parte intrínseca delas, así como elemento fundamental para entender e interpretar o que acontece no mundo que nos rodea.

Deste xeito, a deputada do BNG, Olalla Rodil destacou a necesidade da Filosofía en momentos que definiu como “inmensamente convulsos” xa que supón un “estímulo chave para entender o que rodea ao alumnado. Rodil defendeu que non basta con recuperar a filosofía, senón que cómpre ir “máis alá” e derrogar a LOMCE. “Queremos

unha educación que nos ensine a pensar e non a obedecer”, concluíu.

Luís Álvarez, deputado do PSdeG, criticou o mercantilismo do sistema educativo actual, que “incrementa horas en materias optativas en detrimento da formación básica en cultura”, e avogou pola volta da filosofía “ao lugar do que nunca debeu saír por culpa dunha lei perniciosa e innecesaria”.

A deputada de En Marea, pola súa banda, destacou a impor-



tancia da pervivencia da filosofía. “¿Queremos cidadáns e cidadás ou súbditos? Queremos reforzar os alicerces fundamentais da cultura ou só as festas do cocido?”, formulou. Asemade Ánxeles Cuña defendeu a Filosofía como “alicerce fundamental para o futuro deste país, para o futuro da democracia”.

Finalmente, o deputado do PP César Fernández asegurou que a filosofía non vai desaparecer, independentemente do lugar no que a sitúen as normas educativas. “Cando se argumenta e se poñen enriba da mesa razóns, a propia filosofía é a que nos ensina a comprender e consensuar para chegar a acordos”, destacou na súa intervención.

Ademais de aprobar que Historia da Filosofía sexa troncal no Bacharelato, a Cámara galega tamén acordou instar ao Ministerio de Educación “a propiciar nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en

profundidade sobre a situación da Filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia”, tal e como recolle a proposta de Filosofía Si.

Dada a relevancia da xornada, no Parlamento presenciaron a sesión os integrantes do colectivo Filosofía Si, encabezado por Carme Adán, Jorge Álvarez e Eva Garea, ademais de profesorado e alumnado chegado de diferentes IES galegos. Tamén estiveron presentes o decano da Facultade de Filosofía, José Miguel Sagüillo, e parte do profesorado, como María Xosé Agra, Conchi Martínez e Luís García Soto.

A actriz Marta Pérez, licenciada en Filosofía e directora da Compañía de teatro Inversa, e da obra “Té con Kant”, puxo a nota de cor ao asistir á sesión caracterizada como “filósofa kantiana” chegada ao Parlamento galego directamente da Prusia do século XVIII.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Galicia

Redacción A CORUÑA

O Concello da Coruña destina 250.000 euros á IV convocatoria de Deporte Solidario e Inclusivo

A concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocío Fraga, e o titular de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, presentaron as bases da IV convocatoria de Deporte Solidario e Inclusivo, que desenvolve a Fundación Emalcsa e que pretende promover a integración social a través da práctica de distintas disciplinas de base. Cunha dotación de 250.000 euros, as entidades deportivas e sociais que o desexen poderán presentar os proxectos cos que oparán a subvención até o próximo 10 de novembro. Por primeira vez, este programa abriuse á colaboración de terceiras entidades que realizan un labor de patrocinio, como é o caso de Gadisa.

Sande insistiu no éxito colleitado por Deporte Incluso e Solidario en anteriores edicións. Así, indicou que segundo os datos da Fundación Emalcsa, o pasado ano, entre persoas beneficiarias e participantes, 13.700 veciños e veciñas da Coruña se viron implicadas no programa. "Dende o Concello outorgamos subvencións a 26 entidades deportivas da cidade para o fomento de 19 disciplinas como baloncesto, fútbol, waterpolo, voleibol, esgrima, halterofilia, tenis, natación, pádel, tenis de mesa, fútbol sala, triatlón, natación sincronizada, piragüismo, patinaxe, equitación, buceo, xadrez, escalada e rugby", comentou o edil, que tamén salientou que "a raíz



destas actividades se xeraron 5.288 novas licenzas federativas, o 34% delas femininas". "O número de persoas beneficiarias dos proxectos sociais foron 3.425, contabilizándose 1.115 persoas con algún tipo de diversidade funcional ou intelectual, 893 menores de familias en risco de exclusión social, 146 menores de unidades familiares de persoas migrantes ou en asilamento, e 790 mulleres e cativas que decidiron coñecer e practicar deportes con subrepresentación feminina", comentou o concelleiro.

"O que pretendemos é fomentar o traballo en rede entre as entidades deportivas e as organizacións sociais da cidade. Na pasada convocatoria de Deporte Inclusivo e Solidario non só se beneficiaron 26 entidades deportivas da cidade, senón que estas colaboraron con

máis de 30 entidades sociais, así como con algúns departamentos e servizos municipais que traballan coa muller, a saúde infantil e os servizos sociais a través de acordos de colaboración, establecendo canles de coordinación para a derivación dos e das participantes", explicou Fraga, que subliñou que esta convocatoria conta cunha serie de melloras, como que o prazo de execución de actividades se amplía até o 31 de agosto do próximo ano. "A contía mínima de axudas a distribuír por proxecto é de 3.000 euros, sendo a máxima de 20.000 euros", indicou, á vez que recordou que "este programa se complementa co de Cultura Accesible e Inclusiva, que busca favorecer a igualdade e o acceso á cultura de todos os sectores da sociedade que presentes distintas diversidades".

Xornada de representantes municipais nos Consellos escolares

A concelleira de Xustiza Social e Coidados, Silvia Cameán, participou na xornada de representantes municipais nos Consellos escolares que se desenvolveu no centro cívico da Cidade Vella, un encontro no que a responsable municipal, que ten as competencias na área de educación, deu traslado dos principais programas que o goberno local impulsa nesta materia, como o recente 'Ao meu xeito!', dirixido a favorecer a participación e o autogoberno dos centros educativos en accións educativas, propostas e actividades, co respaldo económico do Concello.

"Este goberno ten unha concepción da educación como un dereito público e como un ben común. Temos a obriga e o compromiso de impedir que se converta nunha mercancía e para iso é preciso investir nos centros públicos, como única garantía que asegura a igualdade de oportunidades", manifestou a edil.



Premio Picadillo 2017

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e o concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, presidiron a entrega de premios do Concurso de Tapas Picadillo.

Palmarés Premio Picadillo 2017

Á mellor tapa tradicional: Cúrcuma, pola tapa 'mollete de Illa de San Simón';

Mención especial na modalidade de tapa tradicional: Restaurante Oído Cocina, pola tapa 'polo en pepitoria';

Á mellor tapa creativa: Eclectic, pola tapa 'pan de porco';

Premio da cidade da Coruña (por votación popular): Mesón Serrano, pola tapa 'lasaña en cunca';

Premio na categoría maridaxe con viños da Denominación de Orixe Ribeiro: Gastroteca, coa tapa 'emigración encuberta', maridada co viño 'Renacido' de Pablo Vidal.



A Deputación da Coruña nomea Fotógrafo Histórico a Carlos Valcárcel

A Deputación da Coruña nomeou a Carlos Valcárcel Gay como Fotógrafo Histórico, en recoñecemento a súa traxectoria de máis de medio século de creación fotográfica.

O Salón de Sesións da Deputación da Coruña acolleu o acto en que a responsable da Área de Cultura e vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín Rei, fixo a entrega do diploma honorífico co que se recoñece a dilatada traxectoria do fotógrafo lucense.

Sanmartín, destacou o traballo de Valcárcel calificandoo como “un artista cunha mirada singular e específica”, coa que foi quen de captar “imaxes de Galicia en branco e negro que nos transmiten a historia das súas persoas e mailos seus sentimentos”.

“Sen ningunha dúbida, podemos dicir que Carlos Valcárcel é o decano do fotógrafos contemporáneos de Galicia”, sinalou Sanmartín ao tempo que fixo fincapé na “humanización” das imaxes que asina Carlos Valcárcel. En concreto, a vicepresidenta da Deputación detívose na fotografía “A nai do emigrante” en que se retrata unha muller ao fondo dunha estancia repleta de obxectos enviados polo fillo nun escenario cheo de ruído máis a través do que “é quen de transmitir a inmensa soidade desa muller”. Con este premio, finalizou, a Deputación da Coruña “quere contribuír ao recoñecemento da súa grande obra, unha



obra que nos fala do noso pasado mais tamén se soubo adaptar aos novos tempos”.

Pola súa parte, o coordinador do programa de actividades do premio Luis Ksado da Deputación da Coruña, Xurxo Lobato, aproveitou a súa intervención para repasar a traxectoria fotógrafo nado en Lugo en 1929, subliñando que, malia non se ter dedicado profesionalmente ao oficio, “a fotografía sempre foi súa vida”. Lobato reparou, pola súa parte, na imaxe tomada polo fotógrafo dun grupo de mulleres vestidas de negro en Muros, “viúvas de mortos” pola que dixo sentirse impresionado. “As súas fotografías ademais de mostrar a inmensa creatividade son tamén documentos da nosa historia. Vemos un pasado, unha mirada etnográfica”, dixo Xurxo Lobato quen falou da condición de “histórico” de Carlos Valcárcel e da

súa modernidade ao continuar a publicar as súas imaxes a través da rede instagram.

Finalmente, o galardonado agradeceu o recoñecemento da Deputación da Coruña nunha intervención en que destacou o “orgullo” que sinte polo nomeamento. “Eu só sei falar coas fotografías”, dixo Carlos Valcárcel para explicar a brevidade do seu discurso nun acto en que algunhas dos milleiros de fotografías que ten tirado se proxectaban en dúas pantallas do salón de sesións.

Carlos Valcárcel pasa a engrosar unha listaxe de ilustres artistas gráficos galegos que xa foron recoñecidos como Fotógrafo Histórico pola Deputación da Coruña, entre os que se encontran nomes como Virxilio Viéitez, Mary Quinteiro, Alberto Martí, Julio Mayo ou Ramón Caamaño.

O programa de ocio alternativo Nocturnia ofrece máis 1.200 prazas para actividades no último trimestre do ano

Nocturnia, o programa de ocio gratuito para mozas e mozos de 12 a 30 anos da Concellería de Participación e Innovación Democrática, abre hoxe o prazo de inscrición para as actividades que se desenvolverán nas fins de semana entre os meses de outubro e decembro. Serán 1.225 prazas as dispoñibles para esta nova edición da iniciativa municipal, que ofrece, nesta ocasión, 60 propostas que van desde as actividades deportivas até as formativas, pasando por culturais ou recreativas coa finalidade de favorecer unha educación para o lecer saudable e xerar hábitos que favorezan o desenvolvemento integral da xuventude.

Nesta primeira fin de semana de actividades, o programa ofrecerá propostas como iniciación ao surf, un bootcamp roller derby, rutas de sendeirismo ou un taller de deseño e estampación en papel. Xa de cara ao mes de novembro, celebraranse obradoiros tan diversos como de cociña tradicional e caligrafía chinesa, break dance, danzas polinesias ou de bixutería; así como sesións de introdución a disciplinas deportivas como o piragüismo, boxeo sen contacto, fútbol gaélico ou escalada en rocódromo. Tamén haberá ocasión de participar en actividades de capoeira, pi-

lates, clown e zumba; ademais de asistir a roteiros sobre personaxes coruñeses ou rutas de sendeirismo en Rois e Muxía.

No mes de decembro as actividades terán lugar na primeira e na terceira fin de semana. Así, mentres os días 1 e 2 as rapazas e rapaces poderán crear os seus cadernos de viaxe, gorras ou axendas, na seguinte fin de semana realizarán obradoiros de animación en debuxo, repostería saudable sen azucre ou de arquitectura para interpretar a cidade. Neste mes tamén haberá actividades deportivas, como defensa persoal ou rutas de sendeirismo.

A inscrición --que é gratuita-- para as actividades de Nocturnia pode realizarse a través da páxina web www.coruna.gal/cmix con periodicidade semanal. Así, as persoas interesadas en participar nos obradoiros dunha fin de semana, poderán realizar a súa inscrición desde o luns anterior á actividade, desde as 16.00 horas, ata as 12.00 horas do xoves anterior á actividade --ou que se esgoten as prazas dispoñibles para cada actividade--. Para máis información, pódese visitar a páxina web www.coruna.gal/participacion así como as redes sociais --Facebook e Twitter-- deste programa, ademais de consultar o novo número da revista ‘Coruña Mutante’, dispoñible nos diversos equipamentos municipais.

Novo punto de Servicio de Préstamos das Bibliotecas Municipais



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, presentou esta tarde no Centro Cívico de Novo Mesoiro o novo punto de Servicio de Préstamos das Bibliotecas Municipais no barrio, e a programación cultural específica asociada ao mesmo. O rexedor, que estivo acompañado polo edil de Culturas, José Manuel Sande, e a concelleira de Participación e Innovación Democrática, Claudia Delso, lembrou que este servizo nace como resultado do proceso

participativo levado a cabo no barrio, á fin de coñecer as necesidades culturais da veciñanza.

“Este é un día de futuro e de democracia, xa que damos cumprimento a unha vella demanda de Novo Mesoiro, a de contar con recursos que faciliten o acceso a

cultura, ao saber, e ao coñecemento. Hoxe é tamén un día de esperanza, porque non hai nada máis gratificante que poder dar resposta a un pobo que pide saber máis e estar máis preparado”, sinalou Ferreiro, neste Día Internacional das Bibliotecas.



Galicia

Redacción SANTIAGO

Cineuropa 31: cinema, xuventude e revolución

Do 7 ao 28 de novembro, Compostela acolle a trixésimo primeira edición do festival Cineuropa. 264 filmes e 17 seccións nun certame que medra este ano en proxeccións, en número de premiados, en xornadas e espazos de exhibición, e que mantén a aposta pola calidade cinematográfica dos anos anteriores. Será o filme *La Villa*, do realizador francés, Robert Guédiguian, o escollido para a apertura desta edición nunha sesión inaugural que terá lugar o martes, día 7 de novembro, ás 20:00 horas, no Teatro Principal.

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, conduciu esta mañá a rolda de prensa de presentación da mostra, que contou coa presenza da vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín; a concelleira de Acción Cultural, Branca Novoneyra, e o director de Cineuropa 31, José Luis Losa.

Noriega puxo en valor a colaboración das diferentes institucións e entidades privadas que apoian a 31ª edición do festival, que definiu como unha das máis ambiciosas das ofrecidas até o momento. O alcalde agradeceu, neste senso, a colaboración da Deputación da Coruña, que se suma en 2017 ao corpo de organismos que posibilitan o crecemento do festival.

Goretti Sanmartín amosouse compracida porque o festival Cineuropa entre a formar parte da rede de certames que contan con apoio da Deputación da Coruña e parabenizou á organización do festival pola escolla da "revolución" como eixo temático desta edición que, considerou, nos "achega episodios que teñen ver coa épica, a utopía, a xuntanza de vontades para facer real cuestións que nos parecían imposibles".

A concelleira de Acción Cultural, Branca Novoneyra, salientou a aposta do festival pola visibilidade do cinema do país a través do Panorama Audiovisual Galego, e puxo en valor a interacción do certame con outras iniciativas culturais da cidade, como os concertos da RFG, a Banda Municipal de Música e as Xornadas de Música Contemporánea.

A seguir, o director de Cineuropa 31, José Luis Losa, detallou a programación desta nova edición, e incidiu na súa reivindicación do cinema como experiencia colectiva e na especial atención que o certame presta este ano á mocidade para contribuír á xeración de novos públicos.

37 filmes na Sección Oficial Europea

O filme de Robert Guédiguian abre unha das seccións máis esperadas de Cineuropa, coas propostas máis recentes e anovadoras do cinema europeo. Ofrece unha ampla selección dos filmes máis aplaudidos do úl-

timo ano no circuito de festivais, cos últimos traballos de cineastas como Robin Campillo (Gran Premio do Xurado e FIPRESCI en Cannes 2017), Pedro Pinho (Premio FIPRESCI en Cannes), Mathieu Amalric (Premio Un Certain Regard en Cannes 2017), Roberto de Paolis (One Future Prize no Festival de Cine de Múnic 2017), Léonor Serraille (Mellor ópera prima Un Certain Regard en Cannes 2017), Xavier Legrand (Mellor ópera prima e mellor director en Venecia 2017), Philippe Garrel (Premio SACD ao mellor filme francófono no Festival de Cannes 2017), Andrei Zvyagintsev (Gran premio do xurado en Cannes 2017), Amanda Kernell (Nomeada aos Premios LUX e Mellor directora novel no Festival de Venecia 2016), Kantemir Balagov (Gañadora da sección Un Certain Regard no Festival de Cannes 2017), Ruben Östlund (Palma de Ouro á mellor película no Festival de Cannes 2017), Joachim Trier,



Katarina Zrinka Matijevic, Claire Denis (Quincena dos realizadores 'ex-aequo' no Festival de Cannes 2017) e Agnès Vardá e JR (Mellor documental no Festival de Toronto 2017).

A sección inclúe unha sesión especial coa proxección en pre-estrea do filme *A estación violenta*, da realizadora galega Anxos Fazáns. A proxección da película, baseada na novela homónima de Manuel Jabois e rodada entre Compostela e a Illa de San Simón, contará coa presenza da autora pontevedresa, que manterá un coloquio co público asistente o sábado 25 de novembro ás 20:30 horas.

22 fitas do Panorama Internacional

Juliana Rojas, Marco Dutra, Frederick Wiseman, Naomi Kawase, Michel Franco, Cristiane Oliveira, João Moreira Salles, Chloé Robichaud, Javier Izquierdo e Lucre-



cia Martel son só unha parte das grandes figuras cinematográficas que congrega esta sección dedicada á contorna internacional. Nela, destaca a estrea estatal de *Napalm* (2017), o último traballo do xornalista e realizador Claude Lanzmann, no que o reconstrúe a súa traxectoria como activista en Corea do Norte durante Guerra Fría, e o filme *Lucky* (2017), de John Carroll Lynch, o último traballo interpretativo do finado actor Harry Dean Stanton.

Outras seccións e actividades

Alén dos programas mencionados, o festival inclúe seccións ben coñecidas polo público de Cineuropa como *LatidoAmericano*, *Fantastique Compostela*, *Docs Cineuropa*; *Panorama Audiovisual Galego*, *Cinefilias: Cult Movies* e o tradicional *Maratón*. Como novidade, en conmemoración do 100º aniversario da Revolución de Outubro de 1917, a 31ª edición propón un ciclo temático que, baixo o título *Novecento: o século das revolucións*, reúne unha ampla escolma de filmes capitais para a unha reflexión crítica do devir internacional do século XX. Así, ao longo do mes de novembro, Cineuropa 31 ofrécenos a posibilidade de redescubrir clásicos como *O Acorazado Potemkin* (1925), de Sergei M. Eisenstein; *La Chinoise* (1967), de Jean Luc Godard; *La Batalla de Chile* (1975-79), de Patricio Guzmán, ou *Le fond de l'air est rouge* (1977), de Chris Marker, pero tamén garda lugar para outro tipo de aproximacións a estes momentos históricos, como a que ofrecen as pezas *Nicholas and Alexandra* (1971), de Franklin J. Schaffner, ou *Marie Antoinette* (2006) de Sofia Coppola.

O obxectivo é achegarse ao proceso revolucionario dende perspectivas diversas, ao tempo que reivindicar a dimensión colectiva no cinema, a súa práctica en sociedade, como pracer e como feito subversivo nun momento no que as fórmulas e tendencias de ocio incitan, cada vez máis, ao seu consumo individualizado e acrítico.

O catálogo desta edición inclúe tamén unha sección dedicada ao Cinema e Dereitos Humanos, unha ollada retrospectiva ás obras de Pedro Pinho e Claude Sautet; un ciclo para a rapazada, Cineuropa Miúda; o Foco Islandia e o programa 10 Sombras Re-

cobradas, alén de concertos en colaboración con outras iniciativas culturais de Compostela, como a tempada de abono da RFG, as Xornadas de Música Contemporánea e o Ciclo de Outono da Banda Municipal.

Premios Cineuropa e Premios Xurado Novo

Costa-Gavras, Manuel Martín Cuenca, Leonardo Sbaraglia e Carla Simón recibirán os Premios Cineuropa 2017 e protagonizarán varias sesións de proxección con entrada libre previa retirada de invitacións no Teatro Principal.

Entre as novidades deste ano, figura a convocatoria para seleccionar a un Xurado Novo, que comporán sete mozas e mozos de entre 18 e 25 anos e que entregarán Premios á Mellor Película, Mellor Director, Mellor Guión, Mellor Interpretación Feminina e Mellor Interpretación Masculina. O convite a participar neste xurado non se limita ao estudantado universitario, senón que procura achegarse a toda a mocidade interesada no cinema. Alén do requisito de idade, esíxese dispoñibilidade para ver a selección de filmes que se someten a avaliación nas sesións de #Cineuropa31. O proceso de selección do Xurado Novo finaliza hoxe, e a súa composición farase pública mañá.

Sedes do festival

Canda o Teatro Principal, o Salón Teatro, o Centro Galego de Arte Contemporáneo, a sede da Afundación, o Auditorio de Galicia e o cinema Numax, a rede de pantallas do festival amplíase en 2017 coa incorporación dos Multicines Compostela. As entradas e abonos estarán á venda a partir da tarde do venres, día 3, tanto nos despachos de billetes como por internet.

Apoios e colaboracións

Cineuropa é un festival organizado polo Concello de Santiago coa colaboración do Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña, o CGAC, Afundación e o ICAA. Conta tamén co apoio do Instituto Camões, os Multicines Compostela, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, o Hostal dos Reis Católicos, Autos Rayma, María Castaña, Café de Altamira, o Curro da Parra, Moha, Icelandic Film Centre, Terratreme, Stilmoving e Meikincine Entertainment.

Iniciados os traballos de consolidación do xacemento do Castro de Elviña

O Concello vén de poñer en marcha os novos traballos de consolidación do xacemento arqueolóxico do Castro de Elviña, unhas obras que afectarán aos 6.300 metros cadrados de superficie escavada para recuperar e dignificar esta peza do patrimonio da cidade. O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, acompañado do concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, e de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, Xiao Varela, visitou esta semana o Castro para supervisar o inicio das actuacións, que se prolongarán durante cinco meses e que se completarán, na primeira metade do ano que vén, cunha segunda fase de estudo dos materiais extraídos e a elaboración dunha memoria, para o seu tratamento e musealización. "Falamos dunha

intervención ambiciosa, unhas obras que teñen unha partida de máis de 800.000 euros e que afondan na que é unha liña estratéxica da Concellería de Culturas para o ano que vén, como é a posta en valor do patrimonio", destaca Sande, quen incide "na aposta do executivo municipal por recuperar para a cidadanía un enclave de grandísimo valor, pero que foi inxustamente esquecido e apartado do circuíto cultural e patrimonial e ao que cómpre devolver a dignidade".

Esta nova campaña, que se realiza baixo a supervisión do arqueólogo municipal, vai dirixida "a consolidar e dar dignidade ás estruturas arqueolóxicas" que foron descubertas no Castro entre 1947 e 2013 nas distintas áreas de escavación, e que recibiron, en cada caso, unha estratexia di-

ferente de restauración. Dese xeito, e como expón o responsable municipal de Culturas, o obxectivo é rematar de escavar as zonas que están iniciadas, para realizar a súa consolidación, consolidar as estruturas que saíron á luz na década dos anos corenta, e corrixir algunhas restauracións que non funcionaron da maneira esperada. O proxecto contempla tamén intervencións nas tres entradas documentadas do castro, e rematar a escavación da terceira entrada, que foi documentada no ano 2013, de cara a deixar á vista o pavimento de pedra, que presenta un bo grao de conservación, e os dous torreóns, ademais da praza de acceso.

Os traballos, como salienta o concelleiro de Culturas, servirán tamén para axudar a comprender a evolución do xacemento, que



presenta evidencias de distintos graos de poboación segundo as épocas, así como amosa indicios das distintas fases construtivas, "para poder dar ao público que o visita unha narración máis completa da súa historia".

Nestas primeiras semanas, o xacemento foi sometido xa a unha limpeza da superficie xa escavada, coa retirada de maleza e dos depósitos de area que foron colocados a modo de protección

durante os períodos nos que a escavación estivo detida. Este mesmo luns darán comezo os traballos de restauración e escavación nas partes que aínda non foron sometidas, co obxectivo de deixar os muros á vista. Unha vez concluídos, realizarase unha proposta de restauración e consolidación para cada un dos sectores do Castro, que deberá recibir o visto bo da Dirección Xeral de Patrimonio.

Volve o programa "Boas Noites" con máis actividades para a mocidade compostelá nas noites de novembro

A concelleira de Mocidade, Noa Morales, xunto con Nerea Couselo, de Xandobela, e Hadrián Rei, da Asociación Cultural e Xuvenil Itaca, presentou a segunda edición do programa Boas Noites. Grazas a esta iniciativa, as noites de xoves a sábado do mes de novembro volverán estar cheas de actividades para a mocidade de Compostela.

Boas Noites nacera no marco do proceso piloto de Orzamentos Participativos do 2016, posto en marcha na área de Mocidade. Á vista do éxito, a iniciativa celebra a súa segunda edición, con música, cociña, roteiros ou danza, entre outras propostas.

O venres 3 de novembro comezaron as actividades, 30 en total, que se repartirán por espazos coma o Centro Xove da Almaciga, a Asociación Brañas de San Andrés ou o Centro Sociocultural de Conxo. Ao respecto, a concelleira sinalou "que é un programa máis amplo que o do ano pasado e por iso animamos aos mozos e ás mozas de Compostela a participar e a apuntarse naquelas actividades que requiren reserva previa a través da dirección de correo boasnoites@itaca.gal".

Desde Xandobela fixeron un convite este agosto pasado para xente moza que quixese participar e a convocatoria resultou positiva.



Hadrián Rei, Noa Morales e Nerea Couselo.

"Moitas das ideas propostas foron incorporadas este ano como novidade respecto ao ano pasado", apuntou Nerea Couselo, ademais de recordar que este ano as actividades durarán serán nas noites de xoves, venres e sábado. Pola súa parte, Hadrián Rei, de Itaca, recalcou que o programa está crescendo, tanto en demanda como en participación.

As propostas inclúen obradoiros de cociña, xogos na rúa, roteiros participativos, fotografía, cultivo de cogomelos ou teatro amateur. Os días 9, 16 e 23 de novembro serán noites temáticas, dedicadas cada unha delas a un lugar diferente e terán lugar no Matadoiro. Así, o día 9 será a noite de Brasil, o 16 estará dedicado a África e o do 23 será a noite da India.

O programa Boas Noites tamén repetirá o ano que vén, xa que resultou elixido no proceso de Orzamentos Participativos para o exercicio 2018.

CLASES MAXISTRAS
OBRADOIROS
PRESENTACIÓNS
NOITES GASTRONÓMICAS

EXPOSICIÓNS
Novembro e decembro de 2017
ALFREDO
¡Por fin Santiago!
MESTRE MUNEIRO IKEDA
Camiño Francés a Santiago
CAMIÑA | CAMIÑO
DE PORTO A SANTIAGO
Fernanda Lamelas · Teresa Ruivo
Isabell Seidel · Blanco Escrigas
EDUARDO BAAMONDE
Camiño do Norte

MESTRE MUNEIRO IKEDA | ALFREDO
FERNANDA LAMELAS | TERESA RUIVO
ISABELL SEIDEL | BLANCA ESCRIGAS
JAVIER VALLES | JORGE ARRANZ | LAPIN
EDUARDO BAAMONDE | SANTIAGO RÍOS
MR. ZÉ | JOAQUÍN GONZÁLEZ DORAO
DIRIXIDO POR MIGUEL ANXO PRADO

2º ENCONTRO
INTERNACIONAL
de CADERNOS DE VIAXE

COMPOSTELA ILUSTRADA
· OS CAMIÑOS A SANTIAGO ·

SANTIAGO DE COMPOSTELA XOVES · VENRES · SÁBADO · DOMINGO 9-10-11-12 de NOVIEMBRE de 2017

ORGANIZA: COMPOSTELA ILUSTRADA

CO-APODO DE:

CO-A COLABORACIÓN DE:

www.compostelailustrada.com

A Deputación pecha a tempada da rutas fluviais e o sector hosteleiro protesta

O presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, Luis Fernández Guistián, remitiu á Deputación de Lugo un escrito solicitando que se reconsidere a decisión de poñer fin á tempada de rutas fluviais o domingo 29 de outubro e se amplíe a tempada, alomenos, ata o 10 de decembro.

A decisión da Deputación de acurtar en dous meses (novembro e decembro) a tempada de navegación en catamaráns pola Ribeira Sacra non sentou nada ben neste territorio aos responsables de negocios turísticos. Os hosteleiros que teñen os seus locais na contorna do embarcador de Doade (Sober. Lugo) e Ponte da Paradela (Castro Caldelas. Ourense) son os que se consideran máis directamente prejudicados, pero sinalan que as consecuencias do peche afectarán tamén a outros. Os responsables do restaurante A Cantina, en Sober, cualifican de "nefasto" o peche das rutas e din estar moi preocupados porque xa contaban cun bo número de reservas para o mes próximo e cren que as van a perder. "Unha parte moi grande dos clientes que temos son os usuarios dous catamaráns e se os barcos non funcionan durante esa tempada xa non van querer vir", afirman.

Fernando González, propietario de Adegas Algueira e do restaurante O Castelo, dispón da súa propia embarcación turística pero pensa que o peche dos catamaráns afectará igualmente aos seus negocios. "Isto prexudica a todo o turismo da zona e non só nos lugares máis próximos aos embarcadores, porque tamén se vai a notar moito nos negocios de Monforte", manifes-



Catamaráns no embarcador de Doade.

tou. "Se Monforte vese agora cheo de xente no verán e no outono, hai que ter en conta que iso se debe nunha parte moi grande ás rutas do Canón do Sil". Os propietarios de todos estes negocios sinalan que este outono está a ser especialmente concorrido nas rutas de catamarán grazas ás condicións meteorolóxicas. "Están os barcos cheos todos os días e se houbese máis barcos irían igual de cheos", din na Cantina. "Este mes está toda a zona a lume de biqueira e en novembro pode seguir igual se o tempo non cambia moito", indica pola súa banda Fernando González.

Queixas do PP

O grupo provincial do Partido Popular sumase ás queixas do sector turístico da Ribeira Sacra logo de coñecer que a "Deputación de Lugo pechou por anticipado o servizo de catamaráns que cobre as rutas

fluviais" dos ríos Miño e Sil. Segundo os populares, a Deputación de Lugo informou de que os catamaráns deixarán de funcionar "con dous meses de antelación sobre o calendario previsto". Os populares, que preguntarán no próximo pleno da corporación provincial polos motivos desta "decisión tan pouco acertada" e que "tanto pode danar ao turismo na Ribeira Sacra", recordan que o propio goberno da Deputación informou de que había unhas 10.000 reservas confirmadas ata final de ano. Ao seu xuízo, tendo en conta de que as previsións de ocupación ata final de ano crecen en relación con 2016, o "servizo debe seguir operativo", como "mínimo durante os fins de semana e festivos". O PP asegura que esta decisión do goberno provincial provocou "un enorme malestar no sector turístico" da comarca.

O turismo na Ribeira Sacra incrementouse en outono

O turismo nos concellos da área xeográfica da Ribeira Sacra (Sur de Lugo e Norte de Ourense) incrementouse neste outono e superou as expectativas previstas en xullo polo Consorcio de Turismo.

A ocupación media no mes de setembro foi do 68% (+7% na comparativa co 2016). Por categoría e tipo de establecemento (fins de semana e días laborais): Hoteis 3 e 4 estrelas: 95% e 85%. Media total: 88%. Turismo Rural: 85% e 64%. Media total: 70%. Outros: 75% e 35%. Media total: 46%. As previsións que se recollían a finais de agosto eran lixeiramente inferiores. Polo tanto, superáronse as expectativas e mellorouse en relación ao pasado ano, seguindo a tendencia habitual no que vai de exercicio.

A ocupación na ponte do 12 de outubro foi a seguinte. Hoteis 3 e 4 estrelas: 98,5%. Turismo Rural: 96%. Outros: 82%. Os datos non son comparables aos do pasado ano, pois non houbo ponte en 2016 ao caer a mércores o 12 de outubro. Pero a ponte máis próxima para facer unha comparativa aproximada foi a do 1 de novembro na que se rexistrara un 7% menos de ocupación.

As reservas para o mes de outubro sitúan a ocupación no 63% para a totalidade de días e establecementos. Desglosando a información, rexístranse os seguintes datos: Hoteis 3 e 4 estrelas: 81% na totalidade de días da semana. Turismo Rural: 62% na totalidade de días da semana. Outros: 45% na totalidade de días da semana. O pasado ano pecharase o mes de outubro cunha ocupación media total do 58%.



Hotel turístico en Castro Caldelas.

Ciclo de música e teatro en Sober

O Goberno local do Concello de Sober iniciou, en colaboración coas Xuventudes Musicais de Sober, o ciclo Música no Outono, que achega á localidade ata decembro cinco concertos. O primeiro deles foi o de David Antigüedad coa súa guitarra. O seguinte será o 18 de novembro con Susana Gómez ao piano. O 25 de novembro para celebrar Santa Cecilia, actuación do Coro Berea, O Trícole e outra agrupación musical. O 2 de decembro actuará Trio Ayren. O 9

Airiños de Orbazay, organizado polo 20 aniversario de O Trícole e o 16 de decembro será o Festival de Nadal da Escola Municipal de Música.

O Concello tamen programou o Outono Teatral que levou a Sober tres representacións. A primeira delas foi a actuación de Debulla Escenika "PerverSons" no Centro Sociocultural. A seguinte actuación no marco do programa Buxiganga foi o 28 de outubro pero ante, presentouse unha obra teatral de Xosé Lois García am-



Antón Valcarce ante o público.

bientada en Sober.

Pola súa banda, Antón Valcarce, falou dos seus contos no Club de Lectura Pintor de Cas-

tinande. Acompañouno Conchi Vidal Abelaira coa lectura dun novo relato, co que agasallou á biblioteca.

Chega unha nova edición do Festival de Jazz de Lugo máis feminino que nunca

Na programación da XXVII edición que organiza a Asociación de Amigos do Jazz Escobijazz, haberá 22 concertos, dos cales 20 deles serán interpretados por mulleres

Os concertos, terán lugar dende o 11 ao 19 de novembro en Lugo, no Círculo das Artes, o Vello Cárcere, o Club Clavicémbalo, a Casa do Saber, e no bar Ho! Gruf.

O prezo das entradas é de 10 euros (ou 5 para estudantes), e o abono para todos os concertos será de 60€. Os tickets poden adquirirse nas mesmas salas dos concertos, ou online, na dirección www.notikumi.com/channel/festival-jazz-lugo.

A Asociación de Amigos do Jazz Escobijazzten como principal actividade a organización do Festival de Jazz de Lugo, que se celebra dende o ano 1991. O festival deu cabida nestes anos, tanto a estrelas e primeiras figuras internacionais como a novos valores do Jazz mundial, o máis destacado do jazz estatal e tamén do mellor jazz galego. Cabe destacar que o Festival de Jazz de Lugo é o decano dos que se celebran en Galicia.

Programación

Círculo das Artes (Escenario 1906).- A entrada a todos os concertos é de 10 €.

- O sábado 11 de novembro ás 20:30 horas, terá lugar o concerto de Ricca.

- O domingo 12 de novembro ás 18:00 horas, sesión para toda a familia con Por mí, Swing + o sister!.

- O luns 13 de novembro ás 20:30 horas actúa Ingrid Jensen & Christine Jensen Quintet.

- O martes 14 de novembro ás 20:30 horas canta María Toro Project.

- O mércores 15 de novembro ás 20:30 horas turno de Magos Herrera.

- O xoves 16 de novembro ás 21:30 horas actuación de Allison Miller "Boom tic boom".

- O venres 17 de novembro ás 21:30 horas sesión de Dave Douglas & Chet Doxas: Riverside with special Guest Carla Bley.

- O sábado 18 de novembro ás 20:30 horas, actuación de Charennée Wade.

- O domingo 19 de novembro ás 20:30 horas, toca Melisa Aldana Quartet.

Club Clavicémbalo.- A entrada a todos os concertos será de 5 ou 10 euros.

- O sábado 11 de novembro ás 23:45 horas, actuación do quinteto de Olga Reiznichenko.

- O luns 13 de novembro ás 23:00 horas turno para Leira Castro.

- O martes 14 de novembro ás 22:00 horas, concerto de Pere Navarro Quintento, que será emitido en directo en Radio 3. (concerto de balde)

- O mércores 15 de novembro ás 23:30 horas actuación de Michael Olivera Group.

- O xoves 16 de novembro ás 23:45 horas, turno para Alejandro Vargas Trio.

- O venres 17 de novembro ás 23:00 horas, sesión de Odo-jazz.

- O venres 17 de novembro ás 23:55 horas, toca Mariola Membrives "Omega 20.16"

- O sábado 18 de novembro ás 23:50 horas terá lugar o concerto de Los hot chocolates.

Vello Cárcere.- A entrada a estes concertos é de balde ata completar aforo.

- O domingo 12 de novembro ás 13:00 horas sesión de Sisters in the house. Organiza a Concellería de Benestar Social, Igualdade e Inclusión do Concello de Lugo.

- O domingo 19 de novembro ás 13:00 horas concerto de EJAZZ, con Carmen Rey, Ángeles Dorrio, Marga Ramos e Betty



Queiro.

Ho!Gruf.- A entrada a este concerto é de balde ata completar aforo.

- O sábado 18 de novembro ás 14:00 horas, actuación de Sesión Vermú con Marian Ledesma & Tinaquero Brother.

Casa do Saber.- A entrada a este concerto é de balde ata completar aforo.

- O xoves 16 de novembro ás 20:00 horas sesión con Guillermo McGill Quartet

Máis de mil persoas cubriron as rutas guiadas do Románico en Ribeira Sacra

Por Sandra Seara

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra fixo balance da campaña de Rutas Guiadas do Románico, que se desenvolveu desde o 27 de xuño ata o 7 de outubro. Foron 1.195 os usuarios das cinco rutas establecidas. O incremento en relación coa campaña de 2016 foi de 373 usuarios, é dicir, un 45 por cento. A ruta máis visitada, con 385 pasaxeiros, foi a de mosteiro das Bernardas (Pantón), San Miguel de Eiré, San Fiz de Cangas, Santa María de Proendos e miradoiro de Santiorxo. As rutas máis demandadas foron, novamente, as que visitan igrexas de O Saviñao, Pantón e Sober. Pero cabe destacar o rexistro da ruta de Carballedo-Chantada, que consiguie un terceiro posto cando outros anos custou máis mobilizar ao público cara esa zona. Seguen

a ser os días laborais os de maior actividade. Houbo un total de 80 rutas. A ocupación media por ruta é de 15 persoas. Están pensadas para pequenos grupos co fin de garantir unha boa experiencia na visita e unha atención personalizada. Nas rutas guiadas que se puxeron en marcha nos meses de xullo e agosto nos mosteiros de Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cristina de Ribas de Sil e San Pedro de Rocas participaron 125 persoas en 8 rutas.

Procedencia

Madrid, Asturias, País Vasco, Andalucía, Castela-León, Castela - A Mancha (incremento importante), Murcia (incremento considerable), Comunidade Valenciana, Aragón, Cantabria (incremento considerable), Cataluña (menos que en anos anteriores). Tamén participaron persoas procedentes

de Baleares, Canarias, Navarra e Extremadura. Aumentou a presenza do público galego e da propia veciñanza da Ribeira Sacra. O público estranxeiro non ten un maior peso no cómputo total con respecto a anos anteriores e segue a ser pouco significativo. Portugal, Francia e Reino Unido destacan nese pequeno segmento.

Suxestións

En xeral, as queixas foron menos numerosas que as recollidas en anos anteriores, pero seguen a ser estes os temas que copan a maior parte delas: Sinalización e limpeza; horarios de apertura dos puntos de información turística dos Concellos. Asuntos sobre os que se insiste permanentemente aos entes locais e nos que trataremos de seguir facendo fincapé. Ademais, valoran moi positivamente que se



Mosteiro das Bernardas, en Pantón.

fagan visitas guiadas, independentemente de que os mosteiros estean abertos ao público cun horario regular.

Valoración

Os resultados considerámoslos realmente satisfactorios e constata a importancia de manter abertos os cenobios e igrexas. A súa concentración é un elemento distintivo que se debe atender con prioridade por parte de todos os

axentes involucrados. O incremento ven a reforzar os datos que se levan rexistrando dende comezos de ano na globalidade do sector. Trátase dun ano récord que agardamos que se manteña para avanzar cara a consolidación da zona como destino turístico de interior. De cara ao próximo ano, estudaremos fórmulas que sigan a poñer en valor o románico de Ribeira Sacra.

Piden a Paradores que limpe as fincas da contorna

A deputada autonómica e voceira do grupo municipal do Partido Popular, Julia Rodríguez, púxose en contacto coa presidenta de Paradores de Turismo de España, Ángeles Alarcón, coa finalidade de trasladarlle a conveniencia de que se proceda a realizar as actuacións de limpeza da maleza que invade os solares situados a beira do monumento hoteleiro, así como a necesidade de acometer outro tipo de accións de lucido dalgunha zona. Julia Rodríguez agradece o compromiso e a boa disposición amosada por parte da presidencia que prevé realizar estes traballos nas inmediacións do Parador de Turismo de Monforte na maior brevidade posible. A voceira popular lembra que a maleza que invadía a muralla de Monforte impedía ver o estado que presentan os solares nesta zona do Parador de Turismo. Tras a presentación de varias iniciativas por parte do Grupo Popular, ás que votaron en contra o alcalde e o seu equipo de Goberno, procedeuse dende o Concello á limpeza da muralla, sendo necesarios agora novos acometidos por parte de Paradores. É dicir, era a falta de limpeza que presentaba a muralla neste treito do Pa-



Parador de Monforte de Lemos.

rador o que impedía apreciar o estado no que se atopa a parte que pertence a esta instalación hoteleira e, polo tanto, e agora cando se advirte da necesidade de limpar esta contorna.

Julia Rodríguez destaca a importancia de que dende a presidencia da cadea hoteleira estatal se acometan estas actuacións xa que o Parador de Monforte consagrouse como un dos referentes turísticos da Ribeira Sacra, de aí a necesidade de que se ofrezca ao visitante a mellor imaxe posible tanto do monumento como das súas inmediacións. Dende o

grupo municipal do PP tamén anuncian que remitirán unha pregunta ao rexedor socialista co obxecto de que aclare se realizarán novas actuacións de limpeza nos treitos da muralla que na actualidade presentan un considerable estado de abandono e nos que, polo momento, o Concello non acometeu ningún tipo de traballo. Os populares queren saber se o alcalde continuará con este tipo de actuacións na muralla ou deixará as zonas, nas que non se realizou ningún tipo de acción, no mesmo estado que ofrecen na actualidade.

Homenaxe a un profesor de Sober polos 50 anos de docencia

O Goberno local do Concello de Sober colabora na organización dunha comida coa que os seus compañeiros e compañeiras queren renderlle homenaxe ao ex director do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme, José Manuel López Santos.

O xantar será o vindeiro sábado 18 de novembro ás 14:00 horas no pavillón do CEIP Virxe do Carme de Sober. A recollida de entradas poderase facer na Casa do Concello, na Oficina de Turismo e no Centro Sociocultural. O prezo será de 24 euros para os adultos e de 10 para os nenos (ata 12 anos).

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, explica que con esta comida se pretende agradecer e poñer en valor o traballo

que José Manuel López levou a cabo durante tantos anos, xeración tras xeración. "Queremos recoñecer a súa entrega e dedicación, polo que agardamos que sexa unha homenaxe multitudinaria na que devolverlle parte do que nos ten dado".

Subliña o alcalde que se homenaxea a unha persoa que ademais de dedicar case medio século da súa vida a docencia en Sober tamén foi tenente alcalde



José Manuel López Santos.

da localidade durante unha década e sempre colaborou na organización de múltiples actividades culturais e doutra índole, como a Feira do Viño.

Manuela Barreiro Pico a primeira muller galega licenciada en Farmacia

Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada, primeira licenciada en Farmacia de Galicia (1900) é o título do libro editado pola Deputación que recolle a vida e obra desta lucense a través de fotografías, recortes de prensa e documentos. Manuela Barreiro Pico foi a primeira muller en acadar o título de Bacharelato no instituto de Lugo, en 1896; a primeira matriculada na Universidade de Santiago de Compostela, en 1896; e a primeira licenciada en Farmacia en Galicia e sétima de España, no ano 1900.

Manuela Antonia Barreiro Pico naceu en Viveiro o 5 de xullo de 1887, aínda que a súa vida transcorreu no Concello de Ribadeo, onde o seu pai era mestre. Estudou ensinanza primaria na escola de nenas de

dita cidade e preparou o Bacharelato no colexio de San Luis. Esta ribadense foi a primeira muller en acadar o título de Bacharelato no instituto de Lugo, en 1896; a primeira muller matriculada na Universidade de Santiago de Compostela, en 1896; e a primeira licenciada en Farmacia en Galicia e sétima de España, no ano 1900. Para realizar os estudos universitarios tivo que solicitar numerosos permisos mentres que os homes o podían facer sen ningún tipo de problema. Abriu a súa farmacia en Ribadeo no ano 1901, co nome Farmacia Moderna, sendo noticia en numerosos diarios de prensa galegos. Traspasaría a súa farmacia en 1931, despois de 30 anos de profesión. Morreu en Madrid o 29 de xaneiro de 1953.



Acto de presentación do libro en Lugo.

Premio á biblioteca de Sober

A biblioteca municipal de Sober gañou por segundo ano consecutivo o premio María Moliner que convoca o Ministerio de Educación por proxectos de animación á lectura. Na provincia de Lugo tamén foron premiados O Saviñao e Xermade.



Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Afumados antes da voda



Pedro Casamayor, de Villarrobledo (Albacete) foi o guía do grupo.

Víñeron de víspera a Ourense desde Cuenca e Albacete á voda de Meme. Fixeron visita ao casco vello con parada en bar Fuentefría onde fixeron os seguintes comentarios: “Exquisita a anchoa. Boísimo o salmón marinado. Moi rica a mini hamburguesa de ibérico. Todo preparado ao momento e moi fresco. Inescusable visita na zona de viños”.

“Afumados caseiros e xamón asado. Atenden Alex e Nuno con dilixencia a barra deste pequeno local onde podemos atopar unha carta de afumados caseiros de peixe difícil de ver en moitos sitios. Atún, salmón, caballa, anguía, anchoa”.

“Mención aparte para o xamón asado. Brutal a pulga, non tan pulga, co seu pan tostado e juguito na faragulla. Está a 1,75. Tamén ben pagos”.

“Hai empanada, callos e un tomate que tiña unha cara estupenda. Moitísimas referencias en viño servidos en boa copa”.

“Hai que esperar un pouco pero cada petisco elaborábase ao momento e adoita haber boa concorrência. Un sitio que debería coñecerse se se vai a Ourense de tapeo.”

“Dixéronnos que, tras moitos anos de existencia, Pepe Callos segue mellorando na súa oferta de petiscos e viños”.

Nova xerencia en Bar Greco

Bar Greco, na rúa ourensá do mesmo nome, no barrio do Couto, acaba de cambiar de xerencia. Rebeca e Adán abren o local ás 8 da mañá de luns a venres e desde ás 9 as fins de semana.



Rebeca cos seus primeiros clientes.

Ademais da bollería para os almozos, ofrecen callos, albóndigas, orella, rabo, empanada, chourizos ao viño e tortilla. A oferta complétase con hamburguesas e

bacadillos variados.

Os xoves as cañas son a 1 euro e os venres e sábados os cubatas son a 3,50 euros.



Bar Greco
Nova xerencia

610 65 73 44

Rúa Remedios 13,
esquina Greco.

OURENSE.



**A DESPENSA
DO FUENTEFRÍA**

Afumados · Ensaladas
Croquetas de bacallau

Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE



A Xanela

Tfno 667 61 05 59
axanela.ourense@gmail.com

Pinchos. Tostas. Raciones
Rúa Irmáns Villar, 1. OURENSE



Adega Vella
Ribeira Sacra
DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Adegueiro Jorge Feijoo González
Teléfonos: 606 807 897 - 606 047 602
Abeleda - A Teixeira (Ourense)
adegavella@terra.com



**RESTAURANTE
BICHERÍAS**

Celso Emilio Ferreiro, 15
32004 OURENSE
Telfs.: 988 25 41 82

Galicia

Redacción OURENSE

Castro Caldelas será sede do Museo Antropológico da Ribeira Sacra

O Museo Antropológico da Ribeira Sacra estará situado no edificio que albergou o Centro de Desenvolvemento Comarcal de Castro Caldelas, cedido pola Xunta á Deputación de Ourense, co obxectivo de dispoñer dunhas instalacións que contribúan a seguir promovendo e potenciando o turismo cultural e o valor histórico e patrimonial da Ribeira Sacra.

O presidente da Deputación, José Manuel Baltar, subliñou que “será importante non só para Caldelas senón tamén para Ourense e para Galicia, e desde a Deputación de Ourense sentímonos ledos de colaborar para potenciar a rica oferta cultural da Ribeira Sacra e da provincia de Ourense”. A alcaldesa caldelá, Sara Inés Vega Núñez, destacou o orgullo que supoñerá para Castro Caldelas contar con este novo espazo expositivo para a cultura, historia e tradicións da comarca, que se



O Museo ubicarase no edificio da dereita na foto.

converterá, ademais, nun punto de encontro de investigadores e noutro referente turístico para os visitantes que cada ano acoden á Ribeira Sacra.

A nova sobre a localización da sede do Museo Antropológico da Ribeira Sacra deuse a coñecer nun acto celebrado no castelo no

que se presentou o libro “Quintela de Mazaira. Terra e Xente”, de Olegario Sotelo Blanco. O Museo será un espazo para potenciar o valor cultural e etnográfico dunhas das comarcas de Galicia máis importantes desde o punto de vista histórico e monumental.

A Academia Médico Cirúrxica abrese á sociedade

A Academia Médico Cirúrxica de Ourense iniciou a programación do curso 2017-2018 cuxa actividade principal é o curso científico que organiza anualmente. O colectivo médico elaborou un programa con dez sesións científicas que abordan temas de revisión e actualización moi vinculados a temas de actualidade sanitarios. O programa desenvolverase entre outubro e maio. As sesións extraordinarias (inaugural, de clausura e a aberta ao público), desenvolveranse no Centro Cultural Marcos Valcárcel, e as restantes ordinarias no salón de actos do Colexio Oficial de Médicos de Ourense. A sesión Inaugural foi o xoves 26 de outubro a cargo do Dr. Dionisio López Bellido, xerente de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras co título “Novos perfís profesionais para a sanidade ourensá do futuro”.

O 12 de abril celebrárase a sesión divulgativa aberta ao público: “O mellor medicamento:



Joaquín Cubiella e David Simón, presidente e secretario da Academia.

exercicio físico que será impartida por José Manuel Vázquez “Casiano”. A sesión de clausura será o 24 de maio e a conferencia será impartida polo Prof. Juan Jesús Gestal Otero quen falará de “A vinganza do terceiro mundo. Novos desafíos para as saúde pública”.

Como principais novidades para este bienio, a xunta directiva decidiu abrir a Academia á sociedade e sacala das salas de conferencias. Neste sentido, si-

tuou á Academia nas redes sociais: twitter (AMQ_Ou) e facebook (Academia Médico Cirúrxica de Ourense). Gravarán as sesións científicas para que estean dispoñibles na canle de YouTube propio da Academia (AMQ Ourense). O curso obtivo o Recoñecemento de Interese Sanitario e solicitouse a acreditación á Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia (Saga) e a SEAFORMEC.

Foro da Comunicación de Galicia punto de encontro dos profesionais

O Foro da Comunicación de Galicia chega a súa quinta edición consolidado como un punto de encontro de referencia para os profesionais galegos vencellados á comunicación, marketing, deseño, publicidade e edición, xa que lles ofrece a oportunidade de compartir experiencias con grandes expertos do sector e con directivos de importantes empresas que marcan tendencia á hora de comunicar. Esta cita celebrarase o venres 10 de novembro en Expourense e ofrecerá un completo programa no que participan unha vintena de relatores.

Comunicación e innovación, as novas tendencias en redes sociais ou cómo as empresas afrontan importantes cambios no modelo de negocio dende a perspectiva do marketing e a comunicación. Tamén haberá unha mesa sobre e-business na que participarán destacadas empresas que xa naceron na era dixital.

Para organizar o programa deste 5º Foro, Expourense conta coa colaboración activa do Clúster da Comunicación Gráfica de Galicia e co patrocinio da Deputación de

Ourense e da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia. Entre todos eles facilitan que esta innovadora acción formativa sexa de acceso gratuito para profesionais do sector, xa que o obxectivo é fomentar a competitividade das empresas galegas. A asistencia a esta xornada precisa de inscrición previa a través da web www.expourense.org, enviando un mail a comunicacion@expourense.org ou chamando ó 988 36 60 30.

Tanto o 5º Foro da Comunicación de Galicia como os II Premios Paraugas da Comunicación e o Marketing foron presentados nun acto no que participaron o presidente do Clúster da Comunicación Gráfica, José Luis Reza; o deputado de Cultura da Deputación de Ourense, Manuel Doval; o director de Avante Medios, Alfonso Boullousa e a directora adxunta de Expourense, Emma González. Todos eles destacaron que o obxectivo destes dous eventos é “O obxectivo é poñer en valor a calidade e innovación do traballo das empresas galegas nestes sectores, incluíndo tamén experiencias punteiras de empresas de fóra da nosa comunidade.”



Intervención de Emma González na Confederación Empresarial de Ourense.

Entregados os premios do Certame Fotográfico Viña do Campo



Xosé Luis González, Anxo Atanasio e Jerónimo Docampo.

No Café Bohemio (rúa da Paz), onde está montada a exposición fotográfica, celebrouse o acto de entrega de premios aos galardoados do XXI Certame Fotográfico Viña do Campo. Estivo presente o gañador desta edición Anxo Atanasio Recuncho, de Alcázar de San Juan (Ciudad Real), pola súa foto titulada “Alma de viño” quen recibiu 2.000 euros e o correspondente diploma acreditativo. No acto tamén estiveron presentes o representante de Ade-gas Docampo, patrocinadora do certame, Jerónimo Docampo e tamén da organización do Outono Fotográfico, Xosé Lois González en cuxa programación se inclúe este veterano certame. Tamén asistiron os membros do xurado calificador.

300 fotografías

O segundo premio deste certa-

men correspondeu a José Manuel Maíquez Mijares, de La Línea de la Concepción-Cádiz, pola foto titulada “Pisando a uva” dotado con 785 euros e diploma. “Viño” é o título da foto que obtivo o terceiro premio, sendo o seu autor Juan Manuel Maroto Romo, de Ogíjares-Selecta quen recibirá 350 euros e diploma. Ademais, o xurado decidiu outorgar un accésit á foto titulada “Unha mirada ao pasado”, presentada por Antonio Atanasio Recuncho, de Villarrubia dos Ollos-Ciudad Real.

Na XXI edición participaron preto de trecentas fotografías de autores de Galicia, País Vasco, Cantabria, Navarra, Cataluña, Andalucía, Castela a Mancha, Madrid, Asturias, A Ríoxa, Murcia, Canarias, Aragón, Valencia, Extremadura e Castela León, así como de Portugal e Hispanoamérica.

Convocado a concurso gastronómico Cocinar con viño

Adegas Docampo convoca o VI Concurso Gastronómico Viña do Campo “Cocinar con viño”, edición 2018, nas modalidades de afeccionados e alumnos de centros e escolas de Hostalería de Galicia e cuxo prazo de admisión conclúe o 11 de xaneiro de 2018.

Cada participante deberá facer constar o nome da receita coa que participa, especificación de ingredientes, cantidades e forma de elaboración (descrición do proceso). Os pratos deberán ser de creación propia. Tanto a receita como os datos do concursante, enviáse ben por correo postal a Ade-gas Docampo, Sampaio-Ribadavia, especificando no sobre VI concurso gastronómico Cocinar con viño ou por correo electrónico á secretaría técnica do concurso: hola@globaleventoscomunicacion.com indicando como asunto: Concurso Gastronómico Cocinar con Viño “Viña do Campo”.

As opcións de propostas de receitas terán dúas modalidades: prato principal e sobremesa. Cada concursante elixirá unha delas, podendo presentar unha única receita pola opción seleccionada. Os concursantes durante a presentación do prato ante o xurado deberán explicar a súa composición así como as súas características. É obrigatorio maridar os pratos con calquera viño, branco ou tinto, de Ade-gas do Campo.

Cada concursante achegará os ingredientes, así como aqueles utensilios de cociña necesarios para elaborar o prato, por tanto, deberá achegar materias primas e materiais necesarios para a súa elaboración. Ade-gas Docampo concederá aos concursantes unha axuda económica de 50,00 euros. As receitas serán seleccionadas por rigoroso orde de recepción.



O xurado, coas receitas recibidas, avaliará aquelas finalistas que participarán no obradoiro instalado no certame gastronómico XANTAR de 2018 e que se celebrará do 31 de xaneiro ao 4 de febreiro en Expourense onde levará a cabo o fallo dos premios. Habrá tres finalistas por cada modalidade.

A organización comunicará aos finalistas a hora de inicio do concurso e cada participante dispoñerá de 60 minutos para a elaboración e presentación do prato e posterior degustación por parte do xurado. Leste puntuará considerando a elaboración do prato, a presentación, degustación da mellor maridaxe do prato cun máximo e utilización de ingredientes da zona.

Os premios establecidos para ambas as modalidades son os seguintes para ambas as categorías: primeiro premio 400 euros e diploma; segundo premio 180 euros e diploma e terceiro premio 125 euros e diploma.



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Pontareas



Galicia

Redacción OURENSE

O poeta Víctor Campio Pereira homenaxeado no Ateneo

O Centro PEN Galicia e mais o Ateneo de Ourense homenaxearon ao escritor Víctor Campio Pereira González, na sede provisional do Ateneo. A Consellería de Cultura representada no seu secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, sumouse ao acto de homenaxe.

No marco deste tributo, García Gómez loou o traballo a prol das letra galegas que Víctor Campio realizou “tanto desde o ámbito da creación como desde a prensa ou o ensino”; un traballo que, en palabras do secretario xeral, “ben merece o recoñecemento de todos cantos estamos aquí e, tamén, de todos os galegos que aman a súa lingua”.

Tomaron a palabra no acto a presidenta do Ateneo de Ourense, Isabel Salgado Parada; o presidente do Centro PEN Galicia, Luís González Tosar; o académico da lingua galega Xesús Alonso Montero e os poetas Edelmiro Vázquez Naval e Manuel Outeiriño. Durante o encontro escoitouse o acordeón de Celia Adrián Rodríguez, así como poemas de Víctor Campio recitados por Marisa Calvo e por Carmen e Isabel Pereira Nolasco.



O homenaxeado, Víctor Campio, segundo pola dereita.

Víctor Campio, poeta

O docente xubilado e escritor Víctor Campio Pereira González (Garabás, Maside (Ourense), 1928) ten publicados catro poemarios (O ar que nos leva; Perdida luz, O aire, a luz e o canto. Poesía reunida 1987-2006 e Quince sonetos de amor e once poemas máis), así como unha novela (Baixo o sol do Magreb) e ensaio (Escritos en do menor). Colaborou ademais en obras colectivas como Sete poetas ourensáns, Poesía dos aléns e Poetas e narradores nas súas

voces. II.

Colaborador habitual das actividades culturais da cidade das Burgas nos últimos anos da ditadura e na democracia, escribiu en revistas e en xornais, nomeadamente en La Región. Foi nomeado membro correspondente da Real Academia Galega no 2010, fillo predilecto de Maside no mesmo ano e membro de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega no 2011. No 2012 obtivo o Premio Sete Carballas da Insua dos Poetas.

Os escultores Buciños e Manzano recibiron o premio Otero Pedrayo

Os escultores ourensáns Manuel Vázquez ‘Buciños’ e Acisclo Manzano recibiron en Amoeiro, na casa natal de Otero Pedrayo o premio homónimo concedido pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, e as catro deputacións galegas. O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, participou na entrega dos galardóns e lembrou que os homenaxeados son “dous grandes artistas que fixeron evolucionar a arte galega durante estas últimas décadas”, traendo “aires de liberdade e renovación ao panorama artístico e cultural de Galicia”.

O galardón ten por obxecto poñer en valor a vida e a obra do escritor Otero Pedrayo, ao tempo que premia o labor de persoas ou institucións pola súa contribución á difusión e ao desenvolvemento da cultura galega. Ten carácter anual e rotativo, polo que cada ano lle corresponde convocalo a unha das deputacións, en colaboración coa Consellería.

Ademais de representantes desta entidade e da Consellería, no xurado participaron membros das tres universidades galegas, da Real Academia Galega, e do Instituto Padre Sarmiento, ademais de cinco persoas independentes designadas pola

Xunta, de solvencia científica e literaria.

Estilos diferenciados

Manuel García Vázquez naceu en 1938, no lugar de Buciños, (Carballedo, Lugo) do que toma o seu nome artístico e vive en Ourense desde 1950. Acisclo Manzano nace no 1940 na cidade das Burgas. Os dous déronse a coñecer no relatorio de Risco, na cafetería do Hotel Parque e foron amigos de Ramón Otero Pedrayo, do que mereceron eloxios “visibles nos catálogos das exposicións e nas colaboracións de Otero na prensa”, como lembrou Anxo Lorenzo.

Con creacións e estilos moi diferentes, Buciños e Manzano traballaron durante máis de dez anos no mesmo taller, en Ourense, onde naceu unha amizade que perdura ata hoxe. A presenza da xeración Nós e de Otero Pedrayo na súa obra, así como a entrega dos dous artistas a Galicia e a súa cultura foron algunhas das razóns para serlles concedido este prestixioso galardón.

Figuras destacadas como Isaac Díaz Pardo e Carlos Casares e institucións como o Museo do Pobo Galego, que cumpre 40 anos de vida, e a Fundación Otero Pedrayo tamén foron galardoadas con este premio.

Los Suaves reciben a Medalla de Ouro da provincia

Os integrantes do grupo musical ourensán Los Suaves recibiron na cidade das burgas a Medalla de Ouro da provincia, que outorga a deputación ourensá, “como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria musical, chea de éxitos, nos que nunca faltou a permanente manifestación da súa ourensanía”. Este recoñecemento súmase á Medalla de Ouro de Galicia, máximo galardón outorgado polo Goberno galego, que recibiron no ano 2016. Ao acto asistiu, en representación da Consellería de Cultura, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.



Medalla de Ouro para Los Suaves entregada na Deputación.



Acisclo Manzano.



Manolo de Buciños.

Pilar García Negro presenta en Madrid o libro "Himno Galego: unha historia parlamentar (inconclusa)"

A Fundación Galiza Sempre presentou hoxe na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia o libro "Himno galego: unha historia parlamentar (inconclusa)", da profesora lucense da Universidade da Coruña e exdiputada no Parlamento de Galicia María do Pilar García Negro. Nel, García Negro defende que o Himno volva á literalidad do texto orixinal de Eduardo Pondal e explica os avatares que tivo unha proposta parlamentaria súa nese sentido.

Interviñeron no acto, ademais da autora, a escritora e profesora da Universidade da Coruña Carme Fernández Pérez-Sanjulián e o delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega López.

Fernández Pérez-Sanjulián lembrou que o 8 de marzo deste ano 2017 cumpriuse o centenario do falecemento de Eduardo Pondal, autor da letra do Himno Galego e que leste mesmo ano cumpríranse cento dez anos da súa estrea na Habana, o 20 de decembro de 1907. "Estas efemérides levaron á profesora García Negro -con amplo historial investigador e bibliográfico na literatura galega do século XIX- a lembralas nun libro que fai historia da genésis desta peza fundamental da historia de Galicia, da súa transmisión ao longo dos anos e da necesidade de restaurar a súa letra auténtica, que sufriu certas deturpacións debidas a unha incorrecta transmisión", explicou.

A profesora Fernández Pérez-



A profesora Carme Fdez. Pérez-Sanjulián, o delegado da Xunta, José Ramón Ónega, e a profesora e escritora Pilar García Negro.

Sanjulián afirmou que "a singularidade principal do Himno Galego, tal e como ela ocúpase de resaltar, é que revela unha extraordinaria calidade literaria, ao ser un poema dun dos mellores escritores clásicos galegos". "Difundir ao máximo a letra verdadeira e levala á 'Lei de Símbolos de Galicia' é o propósito actualizador deste libro, no entendemento de que se corresponde cunha dos acenos de identidade galega máis asentadas e precisas", engadiu.

García Negro observou que o Himno Galego, con letra de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga, "tivo unha historia azarosa" que documentou "o maior especialista na obra do escritor, o catedrático da Universidade da Coruña Manuel Ferreiro". "O compositor Pascual Veiga, autor de bellísimas pezas da música galega, solicitoulle ao poeta Eduardo Pondal a letra para un

himno xa en 1890. O escritor cumprimenta esta petición e escribe a letra do poema 'Os Pinos', cargado de significación metafórica e simbólica. Non puido estrearse como tal ata 1907, na Habana, e desde entón quedou establecido como tal e amplamente difundido na sociedade galega. A Lei de Símbolos do Parlamento Galego (Lei 5/1984) procedeu á súa oficialización, xunto coa bandeira e o escudo", expuxo a autora.

"Ao longo do tempo, consolidáronse transcricións erróneas da súa letra, que o profesor Ferreiro detectou e corrixiu para ofrecer a versión xenuína e fiel que Eduardo Pondal escribiu", explicou, sinalando que o libro recolle a historia "desas vicisitudes na transmisión do Himno e insta a que as institucións públicas galegas repoñan a letra verdadeira e a divulgen en toda a sociedade galega".

Doazón de documentación do arquivo de Tomás Barros á RAG

A Real Academia Galega recibiu unha importante doazón de documentos do arquivo persoal do pintor, escritor e académico correspondente Tomás Barros Pardo (Toledo, 1922 - A Coruña, 1986). Os fillos do autor e doadores, Araceli e Tomás Barros Cao, presentaron a doazón acompañados polo académico Xesús Alonso Montero e o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes.

Tomás Barros foi un dos intelectuais antifranquistas que ficou en Galicia mais compartiu inquedanzas con outros que marcharon ao exilio e cos que colaborou, como Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro e Rafael Dieste. A doazón re-

alizada hoxe polos seus fillos inclúe milleiros de pregos manuscritos e mecanoscritos que constitúen unha importante fonte para investigar a vida e a obra do propio creador, mais tamén doutros intelectuais e artistas, tanto a través da correspondencia persoal que mantivo con eles como a referida ás revistas de poesía Aturuxo (1952-1960) e Nordés, fundada en 1976. Entre os documentos que custodiará a RAG, figuran textos inéditos de Tomás Barros, borradores das súas obras publicadas e tamén cartas de persoeiros como Gabriel Celaya, Gerardo Diego, Celso Emilio Ferreiro, Valentín Paz Andrade ou Ricardo Carballo Calero.



Alborexar do Ribeiro e Queixos Hoxe, Premios Báculos de Prata

A Asociación Álvaro das Casas fixo públicos os galardoados da undécima edición dos Premios Báculos de Prata, pensados para recoñecer o labor de empresas que apostan polo galego como marca de calidade na etiquetaxe dos seus produtos.

As empresas galardoadas nesta edición foron a queixería lalinense Hoxe e a adega O Alborexar, ubicada en Castrelo de Miño. A entrega dos premios celebrárase o vindeiro 18 de novembro no



O intelectual e galeguista Álvaro das Casas.

Pazo dos Ulloa, en Espoñe, Ribadavia.

O Concello e a Fundación Telefónica formarán a 25 vigueses na linguaxe de programación JAVA

Este itinerario de emprego é gratuito e formará a 25 mozos e mozas da cidade de ata 35 anos nunha das linguaxes de programación con máis demanda no sector tecnolóxico: o JAVA.

A formación arrancará o 24 de novembro e prolongarase durante cinco meses. O curso proporcionará ao alumnado os coñecemen-

tos e habilidades necesarios para desenvolver aplicacións web multiplataforma, empregando unha das linguaxes máis demandadas polas empresas.

Algunhas das habilidades a impartir nesta formación será a arquitectura de app para web, deseño e integración web, desenvolvemento na capa cliente, base de datos MySQL, metodoloxías

áxiles, desenvolvemento con Java Enterprise Edition ou Frameworks para JAVA EE, entre outras.

Os inscritos reciben unha formación teórico-práctica sobre tecnoloxías e metodoloxías de programación utilizadas na industria e validadas polas empresas colaboradoras. Conta coa dirección de expertos e referentes no sector da programación.

Miscelanea



Por Carlos Pazos-Justo
Professor da UMinho

Parece consensual admitir que a emigração galega a Lisboa assim como a sua colónia na capital portuguesa tem recebido, comparativamente, uma atenção bem escassa; nem para a filologia, nem para a história, por exemplo, significou um objeto de estudo, em geral, definido ou desejável. Os motivos de tal desatenção prendem-se, na minha interpretação, com dois fatores. Por um lado, o facto de os enclaves galegos de América acabarem por ser, no pós-36, o destino de significados agentes da emergência cultural galega -Castelao à frente-, fez com que o espaço americano ganhasse uma dimensão central para os galeguistas, entre outros, e, por seu turno, uma ampla visibilidade em meios académicos, até o presente; a colónia galega de Lisboa, no seio do Estado Novo salazarista -apoio fundamental dos golpistas espanhóis de 36-, deixará de ser uma referência destacada para os galeguistas metropolitanos e, especialmente a partir de meados de século, perderá capacidade de atração migratória ao mesmo tempo que vai enfrentar uma crescente invisibilidade. Acresce a isto, em segundo lugar, o facto não menor de a fortaleza institucional do campo de estudos galegos coincidir com a tendência analítica de secundarização da referencialidade portuguesa; por outras palavras, a portugalidade do colónia galego de Lisboa tem sido um obstáculo a travar o seu (re)conhecimento, a sua pertinência enquanto objeto de estudo.

Paralelamente, nas terras do Condado, origem de grande parte dos emigrantes galegos com destino em Lisboa, a atenção a este fenómeno tem sido, no geral, escassa e dispersa.

A seguir, com base na trajetória do escritor e político Alfredo Guisado, traçarei algumas das linhas de força da colónia galega de Lisboa, mormente dos lisboanos, a elite económica e cultural da mesma.

O lisboano Alfredo Guisado

Nascido lisboeta, Alfredo Guisado (1891-1975), como se sabe, chegou a ter em vida uma posição destacada no campo literário português ao participar no surto do primeiro modernismo português -ao lado de Fernando Pessoa ou Mário de Sá-Carneiro-

tanos, entre os quais os (republicano-)agraristas da década de 10 e dos galeguistas da década de 20. Factos estes, sublinho, não menores para um filho da colónia galega que, como tal, está vital e simbolicamente inscrito nas lógicas -não apenas, é certo- próprias da comunidade de

e coesão, assim como de relacionamento físico e simbólico com o espaço da emigração e com o da imigração. Deste modo, o associativismo ou as empresas jornalísticas despontam nas últimas décadas do século XIX -Juventud de Galicia de 1908, a mais significativa. Neste contexto, o per-

sempenha na ideação e desenvolvimento do agrarismo. Necessitado de apoios, financiamento e, igualmente importante, agentes que atesourem um capital simbólico reconhecido entre a comunidade, o agrarismo serve-se das redes sociais que os galegos de Lisboa vão e pouco e pouco tecendo.

A valorização assim como a identificação sentimental com o espaço de origem explicita-se noutra direção no caso, por exemplo, de Alejo Carrera Muñoz. Desde 1907 em Lisboa, aonde tinha chegado com 14 anos, conseguirá ter um sucesso importante enquanto proprietário de empresas jornalísticas e, como os Guisado, significar-se-á nas fileiras republicanas na metrópole -foi o primeiro alcalde republicano de Mondariz. Graças aos capitais de vária espécie acumulados no espaço da emigração, Alejo Carrera adquire, reconstrói e dignifica o Castelo do Sobroso, hoje património público. De modo similar, outro lisboano oriundo de Mondariz, Ramiro Vidal Carrera, terá um protagonismo não menor em várias dimensões, como alcalde por exemplo, na sua terra de origem.

Um património a (re)conhecer

Este estado da questão aqui rapidamente descrito não me impede afirmar a relevância quantitativa e qualitativa que a colónia galega de Lisboa teve durante períodos extensos. Os galegos foram durante séculos, anoto, a comunidade imigrante maioritária na capital lusa, e como tal experimentaram uma evolução notável, também no que diz respeito aos modos de se relacionarem material, física e simbolicamente com a Galiza.

Do mesmo modo, o património material e imaterial vinculado a esta migração, particularmente nas terras do Condado e na capital portuguesa, está necessitado, acredito, de um plano ambicioso de (re)conhecimento, capaz de esquivar as lógicas localistas -o fenómeno não é exclusivo deste ou daquele concelho- e de dignificar uma memória ainda viva nas populações locais, tanto do Condado como em Lisboa.



O Notícias Ilustrado, 1929.

e no campo político, pois depois de ser deputado à Assembleia da República em 1925-26, significou-se no seio de grupos republicanos de oposição tolerados ao regime salazarista. Paralelamente, significou-se igualmente entre a comunidade galega a residir na capital lusa, assim como perante vários grupos metropoli-

emigrantes galegos de Lisboa.

A análise da trajetória de Alfredo Guisado, com origens em Pias, Ponte Arêas, mostra como a comunidade galega de Lisboa, imersa num crescente processo de complexificação determinado pelo sucesso económico dos lisboanos, ensaia desde finais do século XIX formas de organização

curso de Alfredo Guisado mostra como para os membros da colónia nascidos portugueses -ele assim se posiciona- a Galiza pode representar um conjunto de elementos -materiais, simbólicos, etc.- aos quais se associar.

O percurso guisadiano espelha igualmente o papel relevante que o enclave galego de Lisboa de-

Turismo de Galicia mellorará o espazo histórico da contorna do Santuario de A Franqueira

No Consello da Xunta de Galicia do 11 de outubro aprobouse a subscrición dun Convenio para o acondicionamento do interior do núcleo de A Franqueira por un importe de 137.834,42 €.

O Consello da Xunta celebrado o pasado 11 de outubro aprobou o acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de A Cañiza para o acondicionamento interior do núcleo da Franqueira, que ano a ano reúne a milleiros de peregrinos e visitantes nas romarías da Virxe da Franqueira, festa de interese turístico de Galicia.

Ao abeiro deste acordo, Turismo de Galicia levará a cabo actuacións que se centrarán en todo o conxunto de rúas interiores do núcleo para completar así o proceso de remodelación que xa se está executando. Os traballos centraranse no firme, detalles de encontros entre rúas e vivendas, sumidoiros e cambio

de luminarias existentes.

Con estes traballos porase en valor un gran atractivo turístico da provincia de Pontevedra, onde se erixe o santuario de Nosa Señora Santa María de A Franqueira, que rende culto á imaxe da Virxe da Fonte. Son coñecidas as romarías, declaradas de interese turístico de Galicia, e por ser unha das imaxes mariñas máis antigas de toda Galicia, xunto coa Virxe da Barca e das Ermidas.

O santuario, xunto co Santo André de Teixido, forma parte da experiencia turística impulsada ao abeiro do produto cabeceira de marca de Turismo de Galicia "Santuarios Máxicos" (que propón a visita a diferentes santuarios galegos).

O Santuario de A Franqueira,



ademais de acoller ano a ano miles de peregrinos, tamén conta cunhas magníficas vistas desde os miradoiros da Paradanta, con extensas áreas panorámicas e recreativas.

De relevancia turística.

A sinatura deste convenio – cuxo investimento total ascende a máis de 130.000€, dos que Turismo de Galicia achega o 100%– responde a unha iniciativa de relevancia na oferta turística galega vinculada aos recursos singulares entre os que se atopan as festas de interese turístico de Galicia e o patrimonio, e que persegue o

impulso turístico do concello e da comarca.

Enmárcase no traballo da Administración autonómica pola posta en valor dos recursos materiais e inmateriais de Galicia e para fomentar o seu coñecemento e desenvolvemento turístico, como así se recolle na Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folia de ruta que inclúe os compromisos da Administración autonómica para desenvolver un modelo turístico responsable e sustentable e construír un destino único cunha oferta especializada e diversificada.

Lacteos nas aulas de Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño, ven de presentar unha Campaña de Consumo de Lácteos dentro das aulas, organizanda dende fai anos e que se pon en funcionamento normalmente co inicio do Curso Escolar.

Máis de 800 nenos e nenas de Infantil, Primaria e do Centro Rural Agrupado serán os beneficiarios desta campaña de consumo de lácteos que busca crear hábito ente os nenos e nenas do municipio, co consumo neste caso de iogures bebibles, apostando dende un primeiro momento polo consumo de produtos galegos, neste caso leite 100% galega.

Organismos Internacionais recomendan os lácteos como alimento indispensable para a nutrición humana, xa que son especialmente ricos en proteínas e calcio de fácil asimilación, nutrientes moi importantes nas etapas de crecemento, así como para o mantemento da masa ósea e muscular. O seu consumo ten grandes beneficios xa que é un excelente aporte de proteínas, unha fonte natural de calcio, axudando a formar e manter óseos e dentes sans, contén fósforo, magnesio, potasio e vitamina A.

A Coral do Centro Artístico Sportivo recoñecida nos premios “Gallegos del Año”

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, asistiu ao acto de entrega dos premios “Gallegos del Año” que concedeu o xornal El Correo Gallego. Neste acto celebrado no Pazo de Congresos en Santiago de Compostela foi recoñecida a coral do Centro Artístico Sportivo que recolleu da man do seu director, Ángel Viro Caamaño, o galardón.

O traballo do director da coral e dos compoñentes en xeral foi aplaudido polos presentes, entre os que estaba o Alcalde de Ponteareas quen destacou a traxectoria da coral afirmando que o recoñecemento da coral do Centro Artístico Sportivo é unha satisfacción para toda a veciñanza.



Represas engade que o traballo destes colectivos é sempre moi valorado por transmitir o gusto pola música, polas voces e

polas artes, un gusto que forma parte do patrimonio inmaterial de Ponteareas e que é unha das señas de identidade da cidade.

Alfabetización de inmigrantes

A Fundación Radio ECCA, coa colaboración do Concello de Salvaterra de Miño, está levando a cabo a execución da actividade formativa Alfabetización de persoas inmigrantes. Unha actividade enmarcada dentro da Estratexia de Inclusión Social de Galicia e que está dirixida a usuarios derivados polo Equipo comarcal de Inclusión Social e Servizos Sociais de Salvaterra.

A actividade realízase na aula formativa da Casa de Cultura de 0.30 a 13.30 e rematará o 29 de novembro. Formación que se encontra regulada pola Orde do 12 de maio de 2017 e cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Novas da Raia

Redacción PONTEVEDRA



Dezaséis tramos constitúen a Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas

Aberta a novas incorporacións, a Asociación traballará conxuntamente co Concello

Dezaseis tramos constitúen a Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas co obxectivo de ser o órgano oficial que represente a tódolos alfombristas de Ponteareas antes as institucións.

Depositarios do legado cultural e tradicional da festa do Corpus Christi de Ponteareas, os alfombristas da Asociación protexerán, difundirán e transmitirán o sentido tradicional da arte popular de facer alfombras florais insistindo na necesidade de deixar en heranza aos máis novos este legado para asegurar a súa continuidade.

Entre os seus obxectivos márcanse estimular a participación veciñal, favorecer as relacións entre alfombristas de o fomentar a unión para fortalecer os valores que sempre caracterizaron aos alfombristas de Ponteareas: a xenerosidade, o voluntariado, o respecto, a diversidade de habilidades, a amizade e a creatividade, entre outros moitos valores que afloran cada ano con motivo desta festividade.

Xestionar de xeito conxunto as necesidades e compartir técnicas e coñecementos é outro dos obxectivos da recentemente constituída Asociación de Alfombristas.

Presidida por Miguel Ángel García Correa, a Asociación xestionará os dereitos de autor e defensa da propiedade intelectual das alfombras do Corpus Christi de Ponteareas.

A Asociación, que ven de solicitar a inscrición na Comisión Gestora Internacional de Alfombristas Arte Efímero, está aberta a novas incorporacións.

Dende o Concello de Ponteareas traballarán de xeito conxunto coa Asociación de Alfombristas e con aquelas asociacións de tramos non asociados para a promoción e recoñecemento desta festa de interese internacional que hai uns meses comezou a andaina para obter a declaración BIC (Ben de Interese Cultural).

Un patio escolar ideal é posible

O alumnado presentou o seu proxecto “O Patio que queremos” enmarcado na bienal de arquitectura Ludantia

O Concello de Ponteareas recibiu ao alumnado de sexto e primeiro de primaria do CEIP Santiago de Oliveira que acompañados dos seus profesores Elisabeth Pregal, Almudena Doallo e Xabier Gómez presentaron no salón de plenos do Concello o seu proxecto “O Patio que Queremos”.

Dentro do proxecto presentado a I Bienal Xuvenil de Arquitectura (Ludantia), os alumnos de Santiago de Oliveira desenvolveron un complexo planeamento que reconvertirá o seu patio escolar nun lugar que acolla unha pista de patinaxe, unha zona de graffitis, un observatorio de aves, unha pista de baile con espellos e unha barra para estiramientos, un merendeiro, un rocódromo, unha zona de cabanas para lectura e un espazo de descanso con bancos, todo protexido cunha rede que evite que cheguen os balóns de fútbol.

Convertir o barranco nunha zona de gradas naturais tamén está dentro das súas propos-

tas. Dirixidos pola licenciada en Belas Artes, Alba Muñoz e a arquitecta Natalia Campos e supervisados por Xosé Manuel Rosales Noves do Colexio de arquitectos de Galicia, estes alumnos convertidos nun grupo de apareladores, delineantes, deseñadores e arquitectos adicaron horas de traballo a detectar as necesidades, recoller ideas, seleccionar prioridades, deseñar accións e confeccionar maquetas que plasmaran os seu patio escolar ideal.

O proxecto permitiúlles unha intensa práctica de exploración do terreo e converténdose case en topógrafos aprenderon a interpretar planos e escalas.

Defendendo diante da Concelleira de Ensino, Cristina Fernández, e do Alcalde, Xosé Represas o seu proxecto conseguiron que o Concello comece xa a encargarse do proxecto da pista de patinaxe e avanzar na zona de graffitis na que se comezou a traballar nada máis iniciarse o presente curso escolar.

Novos cursos da aula CEMIT de Ponteareas

Os cursos serán de balde e hai quince prazas por curso
Cursos de deseño, maquetación e edición entre outros moitos

A Concellería de Novas Tecnoloxías do Concello de Ponteareas abre o prazo de inscrición para os novos cursos da aula CEMIT (Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) ubicada no centro social da rúa Oriente.

Nesta nova convocatoria os interesados e interesadas po-

derán inscribirse nos cursos de corelDRAW, Autocad, Autocad avanzado, Deseño 3D con SketchUp, Adobe Photoshop, Adobe Photoshop Avanzado, Autoedición: Adobe InDesign, Ilustración Dixital: Adobe Illustrator e CATIA inicial, intermedio e avanzado.

Os cursos teñen unha duración de vinte horas, son de

balde e hai quince prazas por curso que serán adjudicadas por orde de inscrición, aberta dende hoxe ata o luns 13 de novembro.

Para máis información remitirse á aula CEMIT do centro social na rúa Oriente, teléfono 673 794 883 ou no enderezo electrónico cemit.ponteareas@xunta.es



www.novasdoeixoatlantico.com

Redacción

Concurso de slogans contra a violencia machista en Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra, a través do seu Programa de Educación e Intervención Familiar, convoca un ano mais un concurso de lemas ou slogans para alumnos do IES de Salvaterra, co fin de mellorar a convivencia en sociedade transmitindo valores como a igualdade, a tolerancia, a non violencia e desmitificando estereotipos, aspectos todos eles que adoitan atoparse na base da violencia machista.

O concurso de slogans busca frases que traten de transmitir un mensaxe e un posicionamento claro de non aos malos tratos. Dentro das iniciativas desta campaña de sensibilización social, preténdese reunir material para facer posteriormente unha campaña de difusión e publicidade dalgúns dos recursos que existen para abordar

este problema.

O proxecto consistirá en confeccionar uns marcadores de páxinas onde vaia o lema ou slogan gañador do concurso e algúns números de teléfono e enderezos a onde se dirixir en caso de coñecer ou ser vítima dunha situación de malos tratos. Esta iniciativa constitúe un reforzo a esta campaña de sensibilización. Ademais de ser un soporte atractivo, informativo e moi útil ten unha utilidade porque fai perdurar non tempo a mensaxe, a través a difusión entre os máis novos.

Con esta actividade de carácter educativo e preventivo búscase erradicar a violencia machista promovendo un cambio de mentalidade que contribúa a desmitificar estereotipos sexistas e transmitindo outros valores.

II Talleres "Preparando o Nadal en familia" en A Cañiza

Os domingos 5,12,19, 26 de novembro terá lugar na Casa da Cultura da Cañiza unha actividade que ten como principal obxectivo gozar en familia, preparando e creando a decoración Navideña que lucirá o Concello neste Nadal.

Este proxecto creativo, organizado e dirixido desde a Concellería de Servizos Sociais e Cultura consta de varios talleres de manualidades nos que poderán participar toda a familia, sen límites de idade nin límite de prazas e ademais será totalmente gratuito. Está previsto que se desenvolva durante todos os domingos do mes de novembro en horario de tarde.

Por segundo ano consecutivo o Concello de A Cañiza quere darlle un aire ecolóxico á súa decoración de Nadal e aínda que se manterán os xogos de luces tradicionais como en anos anteriores, preténdese innovar apostando por este proxecto que ademais ofrece a posibilidade de pasar catro agradables tardes en familia, achegando as ideas de nenos, novos, adultos e maiores que coas súas suxestións crearán un ambiente do Nadal máis entrañable.

As persoas interesadas poden anotarse na Biblioteca de A Cañiza ou tamén na dirección de correo electrónico info@caniza.org

XIX Festa do Viño Novo de Arantei

O vindeiro 12 de novembro, domingo, celébrase en Arantei, Salvaterra de Miño, a dezanove edición da Festa do viño novo de Arantei. No Pavillón deportivo desta parroquia xuntaranse familias e amigos a degustalo viño, gratis durante todo o día, e acompañalo con

polbo, ourella, callos, empanada, xamón, carne ao caldeiro, lamprea rechea, etc.

A lectura do pregón correrá a cargo do poeta e veciño X.M. Xespi, e actuarán o grupo Xerme Pandereteir@s de Cabreira, grupo de gaitas de San Xurxo de Salceda e a charanga Operación Pelicanos



OUTONO DE TEATRO

As Neves 2017

Auditorio Municipal



12 de novembro 18:00 h Como cho conto Cándido Pazó	25 de novembro 20:15 h Prohibido sufrir Bicharada Teatro
10 de decembro 18:00 h A louca historia de Galiza Fulano, Mengano e Citano	16 de decembro 21:00 h Bar Asociación cultural mulleres rurais Chan dos Casteliños

Humor

Por Maitirena



Stylized signature or logo, possibly reading 'Maitirena'.



“Patada” ao patrimonio no aparcamento detrás do concello de Mos

O Bng non está de acordo con este cambio do cruceiro, e ademais considera que a presenza dos valados de formigón afea enormemente a zona.



Xa levan tempo as obras na parte traseira do concello, coas que se intenta mellorar a zona de aparcamento así como o entorno da igrexa do cemiterio e da casa reitoral.

O que se vende como algo magnífico, demostra ser unha vez máis, unha explanada de asfalto, con muros de prefabricados de formigón. Algo horrendo que afea en gran maneira o entorno no que se

atopa.

Pero aínda se fixo unha fallada maior. Ao principio o cruceiro que se atopaba detrás do concello, ía quedar alí, deixando de tal xeito que destacaríase máis no lugar onde se atopaba, cunha iluminación para el só e respetándoo.

Pero o desprezo do goberno ao patrimonio, e o amor ao as-

falto, leva a que, cun expediente de obra distinto ao principal, se solicite o cambio de ubicación deste cruceiro. E patrimonio de Xunta aplaude o cambio. Está claro que para algúns mandan os coches máis que o patrimonio.

Respetar ou non o noso patrimonio demóstrase en cousas coma estas.

Barbo e Enguia em destaque no Aquamuseu até ao final do ano

Com frequência trimestral, o Aquamuseu do río Minho presenta una diversificada e apelativa programación de exposicións que visan informar e desmistificar coñecementos relativos a algúns peixes, bem como reflectir sobre o presente e o futuro da súa existencia mediante condicionantes humanas, atmosféricas, entre outras.

Até 30 de novembro, à entrada do Aquamuseu está patente uma pequena, mas muito interessante mostra em painéis, onde se fala do



Barbo, nomeadamente das suas características morfológicas e descrição, habitat, reprodução e ameaças desta espécie endémica da Penín-

sula Ibérica.

Mais alargada no tempo, até final de dezembro, está igualmente disponível o peixe do trimestre, neste caso a Enguia, abordando as suas características gerais, ciclo de vida, distribuição, tendência, fatores de risco, investigação e pesca.

Em ambos os casos, a informação recolhida com as exposições pode ser complementada com uma visita ao Aquário, onde estão presentes cada uma destas espécies.

Horário do Aquamuseu: De Terça a Domingo das 10h00 às 12h30 e das 14h00 às 18h00



A Biblioteca de O Porriño, premio María Moliner

A Biblioteca Municipal, que depende directamente da Alcaldía do Porriño, é unha das bibliotecas distinguidas nos Premios María Moliner 2017 de animación á lectura. No conxunto de Galicia o número de bibliotecas seleccionadas foi de 14.

Este concurso de carácter nacional, convocado polo Ministerio de Cultura, ten por obxectivo premiar a aquelas bibliotecas municipais que levan a cabo un proxecto que inclúa as accións de animación á lectura, a eficiencia e labor bibliotecaria, a integración social na súa comunidade, así como o uso das novas tecnoloxías.

A Biblioteca Municipal do Porriño foi galardoada polo conxunto de actividades que desenvolve ao longo do 2017 que teñen coma obxectivo tentar que a nosa biblioteca municipal se converta nun espazo de aprendizaxe, encontro e inserción social e acreditarse como un servizo de relevancia na sociedade actual.

Cabe mencionar que a Biblioteca Municipal do Porriño ten sido seleccionada nestes premios 13 veces desde o ano 2002, conseguindo, en 2006 o 1º Premio Nacional María Moliner de Animación á Lectura e unha Mención Especial do mesmo premio no ano 2008.



Tomiño presenta o seu novo Programa socio educativo “É Aprender”

É Aprender ten como obxectivo principal a mellora de capacidades e habilidades dos alumnos e alumnas dos centros educativos do Concello de Tomiño, brindando apoio escolar dun xeito gratuíto.

Crecemento académico, persoal, creativo e social son os diferentes escenarios baixo os que se encadra este Programa. O proxecto, busca destinar horas tanto a tarefas escolares e técnicas de estudo, como ao reforzo de outros aspectos psico-sociais: a autoestima, a motivación, a dinamización cultural, o traballo en grupo, etc.

Novedade deste curso é que ademais das reunións de coordinación cos centros educativos que xa se viñan realizando, tamén haberá reunións individuais coas familias con carácter trimestral, o que permitirá unha atención aínda máis personalizada e particularizada.

O proxecto É Aprender resultou un éxito en edicións pasadas, che-

gando a uns aproximadamente 50 inscritos e inscritas o ano pasado, que este ano agardan superar.

As sesións impartiranse de 16:00h a 18:00h e de 17:30h a 19:30h, en función do grupo escolar, abarcando dende o nivel de 5º primaria ata 2º da ESO. A actividade ten unha periodicidade dun día á semana aínda que, coma novidade, este ano haberá un grupo con sesións dous días á semana.

Trátase dun Programa exemplar que traballa a favor da infancia e da adolescencia, e acadou importantes recoñecementos no eido socio-educativo. É Aprender foi un dos eixos principais que axudou ó Concello de Tomiño á consecución do premio de Unicef no seu VII Certame de Boas Prácticas, Dereitos da Infancia e Política Municipal do ano 2014.

As inscricións están abertas, e poden facerse no edificio de servizos sociais e cultura ou nos propios centros educativos ao longo de todo o curso.

Novas da Raia

Xantar foi convidado especial na presentación en Vila Nova de Gaia dos Fins de Semana Gastronómicos de Porto e Norte

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, participou como convidado especial na presentación da 10ª edición dos Fins de Semana Gastronómicos organizados pola Entidade de Turismo Porto e Norte, o principal socio estratéxico de Expourense en Portugal. Este acto tivo lugar en Vila Nova de Gaia e contou coa presenza do presidente de Porto

e Norte, Melchior Moreira; do concelleiro de Gaia, José Guilherme Aguiar; e do director de Xantar, Alejandro Rubín. Este lembrou que Portugal é o país convidado na próxima edición como mostra de agradecemento a este país que estivo presente no evento desde o principio e que cada ano aumenta o seu nivel de participación.

Á presentación desta cam-

paña de dinamización da gastronomía e os viños de Porto e Norte asistiu un centenar de persoas entre as que se atopaban alcaldes e representantes de cámaras municipais que xa confirmaron a súa presenza na próxima edición de Xantar. Este é o caso de Braga, Ponte de Lima, Montalegre, Vila Real, Ponte da Barca, Felgueiras e Alijó, entre outros. Tamén participaron representantes de confrarías gastronómicas e enófilas que cada ano teñen en Xantar o seu punto de encontro. Asistiron representantes da Cebola de Maia e a do Sarrabulho de Ponte de Lima.

Durante este evento quedou patente un ano máis a aposta que Porto e Norte realiza por Xantar como plataforma internacional de promoción da súa gastronomía e os seus viños. Os X Fins de Semana Gastronómicos celébranse desde o 3 de novembro ata o 27 de maio. Haberá eventos nunha ou varias das 77



Representantes de Porto e Norte e de Expourense.

cámaras municipais e máis de 1.000 restaurantes que se sumaron a este proxecto durante cada fin de semana comprendido neste período, excepto os días 3 e 4 de febreiro, que son as datas de Xantar. Trátase dunha deferencia dos organizadores para permitir que ese fin de semana todas as cámaras que o desexen poidan asistir e participar activamente no salón internacional.

Melchior Moreira indicou que esta campaña é “un dos maiores proxectos de promoción turística do país e que teñen a finalidade de impulsar o descubrimento dun territorio a través da súa

gastronomía e dos seus viños”, obxectivo que coincide de plenos cos de Xantar.

A presentación incluíu unha exposición e degustación dos produtos gastronómicos e os viños de 30 das cámaras municipais de Porto e Norte adscritas a esta campaña. Durante este percorrido pola mostra gastronómica, o director de Xantar estivo acompañado, ademais de por o presidente de Porto e Norte, pola súa directora Isabel de Castro; pola técnica superior Cristina Mendes, e polo delegado de Xantar en Portugal, Antonio García.



Público asistente á presentación da campaña gastronómica.

Mondariz pon en marcha 10 actividades do 'Plan Municipal de Formación 2017'

O Concello de Mondariz vén de poñer en marcha un total de 10 accións formativas dentro do 'Plan Municipal de Formación 2017', iniciativa que ten como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas en situación de desemprego empadroadas no municipio ou mellorar as competencias laborais daquelas que son traballadoras en activo. Os cursos, todos eles de actividades que teñen unha alta demanda no mercado do traballo, desenvolveranse nos meses de novembro e decembro.

Curso de mozo/a de almacén. A actividade formativa, de 40 horas lectivas, desenvolverase dende o vindeiro 2 de novembro ao 24 de novembro os mércores, xoves e venres, de 16:30 h a 19:30 horas. O custe do curso é de 25 € para persoas desempregadas e 35 € para traballadores en activo.

Curso de prevención en Riscos Laborais (Nivel Básico). Este curso, que alternará a formación presencial e online, impartirase do 4 ao 25 de novembro, cun total de 60 horas lectivas, das que 40 horas serán a dis-

tancia e as 20 restantes con carácter presencial. O horario das clases presenciais será os días 4 e 11 de novembro de 9 h a 14 h e de 15:30 h a 18:30 horas e, o 25 de novembro, de 9 h a 13 h. As clases online serán do 6 ao 22 de novembro. O custe do curso será de 40 € para veciños e veciñas en situación de desemprego e de 50 € para traballadores en activo.

Curso de atención socio sanitaria e apoio psicosocial domiciliario. Terá lugar do 3 ao 20 de novembro cun total de 80 horas lectivas —o máis longo de todo o Plan de Formación Municipal de Emprego— en horario de 9 h a 13:30 h os luns, mércores e venres. O prezo da inscrición 50 € para desempregados e 60 € para traballadores en activo.

Curso de monitor/a de comedor escolares. Terá lugar do 7 ao 28 de novembro os martes e xoves de 9:30 h a 13:30 horas para completar 30 horas lectivas. O prezo de inscrición será de 30 € para desempregados e 40 € para traballadores/as en activo.

Curso de informática básica. A desenvolver do 10 ao 27 de novembro cun total de 30 horas lectivas. Impartirase os luns, mar-

tes e mércores de 9:30 h a 13:30 h. Para este curso, os e as participantes deberán superar unha proba de nivel que terá lugar o día 6 de novembro ás 9:30 horas. O prezo é de 20 € para desempregadas/os e de 30 € para traballadores en activo.

Curso de operario/a de automoción. Iniciativa formativa de 25 horas lectivas a impartirse entre o 27 de novembro e o 13 de decembro en horario de 9:30 h a 13:30 h os luns, mércores e venres. O prezo será de 20 € para persoas desempregadas e 30 € para traballadores en activo. O prazo de inscrición remata o 20 de novembro.

Curso de informática avanzada. Este curso, que se impartirá entre o 29 de novembro e o 20 de decembro cun total de 30 horas lectivas, terá unha proba de nivel que se realizará o xoves 23 de novembro ás 9:30 horas. As clases serán os luns, martes e mércores, en horario de 9:30 horas a 11:30 horas e o custe de 20 € para desempregadas/os e 30 € para traballadoras/es en activo. A inscrición remata o día 20 de novembro.

Curso de Primeiros Auxilios. Do 30 de novembro ao 19 de decembro ata completar 25 horas lectivas. As clases serán os martes e xoves de 9:30 h a 13:30 horas e o custe da inscrición 20 € para desempregadas/os e 30 € para persoas en activo. O prazo de inscrición remata o 23 de novembro.

Curso de operador/a de ponte grúa. O curso impartirase os sábados 2, 9 e 16 de decembro, en horario de mañá e tarde, cun total de 25 horas lectivas, das que 5 horas serán teóricas, 10 horas prácticas e 10 horas a distancia. O prezo é de 30 € para desempregados e 40 € para traballadores en activo. O prazo de inscrición do 3 ao 27 de novembro.

Curso de manipulador de alimentos. Este curso, que será totalmente gratuíto, constará de 3 horas lectivas e impartirase en dúas quendas, unha a desenvolver o xoves 12 de novembro (con inscrición do 23 de outubro ao 13 de novembro) e unha segunda quenda o martes 12 de decembro (con inscrición do 20 de novembro ao 7 de decembro), ámbalas dúas en horario de 16:30 h a 19:30 horas.

En todas estas actividades formativas propostas polo Concello de Mondariz, terán preferencia as persoas desempregadas e empadroadas no municipio, se ben, as que non cumpran estes requisitos, poderán inscribirse para pasar a unha lista de reserva e ser chamados no caso de que queden prazas baleiras ao rematar o prazo de inscrición. Para máis información e para inscricións, as persoas interesadas poden dirixirse á Omix de Mondariz, ao teléfono 986 664 306 aou ao enderezo de correo electrónico, omix@concellomondariz.com

Novas da Raia

Redacción

Sentida homenaxe aos asasinados polo franquismo na Guarda

O 26 de outubro celebrouse no cemiterio de Sestás a homenaxe anual aos asasinados durante o franquismo, coa realización dunha ofrenda floral e a pronunciación dun discurso a prol da memoria histórica, organizada pola Federación de Pensionistas e Xubilados de Comisións Obreiras da comarca de Vigo en colaboración co Concello da Guarda.

O acto comezou pasadas as 17:30 horas fronte a fosa común de Sestás, na que 48 homes, principalmente procedentes de Asturias e León, foron “asasinados da forma máis cruel posible”, segundo referiu o alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba.

Representando a unión comarcal de CCOO de Vigo, Paco Carrera tomou a palabra fronte o preto do centear de persoas congregadas no camposanto para por en valor a necesidade deste acto anual. “Cando unha sociedade perde a súa memoria, perde unha parte da súa biografía social e as referencias do que é e por que o é”, asegurou Carrera, que animou a seguir “lotando pola liberdade e a xustiza, pois nada é eterno e inmutable e nada se consegue baixando os brazos e practicando a arte da indiferencia”.

Nesta mesma liña, o secretario xeral de Pensionistas do sindicato en Vigo, Roberto Ucha, rememorou o contexto histórico, carac-

terizado polo ascenso dos fascismos en Europa, no que se acometeron os asasinatos en Camposancos. “Eses sistemas crearon un monstro que levou a guerra civil española primeiro, e a guerra mundial despois” causando millóns de mortes durante e despois dos conflitos, lembrou Ucha. Con todo, asegurou, “o antifascismo é a idea que une a todos os que estamos aquí, polo terror a que ese sistema se repita en Europa”.

O acto de homenaxe trasladouse deseguido ao Centro Cultural, onde tivo lugar unha charla-coloquio guiada polo investigador e historiador vigués, Bernardo Vázquez e na que tamén participou o guardés e estudoso da historia local, José Antonio Uris. A el referiuse o rexedor como “unha das persoas que se preocupou por darlle dignidade ao cemiterio” de Sestás, no que dende agosto de 1986 figura un monumento na lembranza das persoas alí fusiladas e soterradas “por defender as liberdades democráticas” durante a Guerra Civil española.

Uris realizou un repaso á historia do campo de concentración guardés, dende a chegada dos primeiros prisioneiros asturianos en 1937, no que preto de 5.000



homes chegaron a convivir amosados e centos foron fusilados ou morreron por enfermidade, ata o levantamento do monumento na fosa común.

Co título “Os Consellos de Guerra: a xustiza do revés”, Vázquez ofreceu aos asistentes mostras dun bo número de documentos da época que dan conta da represión acometida polo sistema franquista dende a sublevación en 1936. Entre os mecanismos institucionalizados de represión, destacou o historiador, atopábanse os Consellos de Guerra, un “instrumento de xurisdicción militar aplicado a miles de homes e mulleres”. As condenas -de 30 anos, cadea perpetua ou morte- “dependían directamente do perfil político da persoa”, de xeito que aqueles ligados ás institucións republicanas serían fusilados, namentres unha “desafección á causa nacional” custaría a liberdade.

O tribunal militar, que come-

zou a traballar no campo de concentración de Camposancos en 1938, chegou a celebrar unha media de catro consellos de guerra ao día cunha vintena de prisioneiros en cada unha das sesións. Non todos os condenados, segundo explicou Uris, atoparon a morte na Guarda, pois moitos deles foron trasladados a outras partes de Galicia, como Vigo ou Pontevedra, para ser executados.

Con todo, sentenciou o guardés, “non debemos esquecer nunca a estas persoas, que tiñan como ideais a liberdade e a democracia, e morreron por elas”. Nesta liña, Antonio Lomba incidiu na vontade por parte do Concello da Guarda de continuar contribuíndo á lembranza das vítimas do franquismo na vila, malia que “todo o que fagamos para honrar a súa memoria e a das súas familias será pouco” dada a inxustiza froito da cal estas persoas perderon a vida.



Aprobada en A Guarda a moción do BNG sobre a lei de áreas sanitarias

O pleno da Guarda aprobou por maioría a moción presentada polo BNG na que se solicitaba un cambio na política sanitaria da Xunta. A moción foi aprobada co voto en contra do PP.

A moción solicitaba a retirada do anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Galiza, dado que esta modificación vai provocar máis deterioro na sanidade pública, consolida a liña de recortes, prioriza o criterio económico sobre as necesidades dos usuarios e usuarias e afecta negativamente á calidade asistencial.



Outra das reivindicacións é a posta en marcha dun plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, sendo un elemento chave para o sistema sanitario público galego.

“Falamos de dotar aos centros de Atención Primaria con recursos económicos, técnicos e humanos. Hoxe o PAC da Guarda ten graves carencias: dende o mantemento do edificio até a falta de servizos básicos como Radioloxía, deficiencias no servizo de Urgencias ou unha ambulancia medicalizada que nos garanta os traslados urxentes”, comentou Ángel Baz, portavoz municipal do BNG.

O BNG considera que o actual estado do PAC da Guarda é resultado da falta de compromiso dos sucesivos Gobernos do PP na Xunta e da inacción do Goberno municipal do PSOE.





As crianças, o mais importante que há no mundo

Por José Paz Rodriguez (Académico da AGLP e Presidente da ASPGP)

O dia 20 de novembro é o dia internacional da Declaração dos Direitos das Crianças, aprovada pela ONU no ano 1989 e ratificada pelo Parlamento espanhol o 26 de janeiro de 1990. Nos artigos 18, 19 e 20 da mesma diz-se: «Se um menino não tem pais, tem que haver alguém que se ocupe de ele. Se os pais duma criança trabalham, alguém tem que atende-la enquanto estão trabalhando. Ninguém pode descuidar, abandonar, maltratar ou explorar uma criança, nem atuar com violência sobre ela. Se uma criança não pode ficar com a sua família, tem que ir viver com alguém que se ocupe dela». Estes artigos tão significativos vão servir para o comentário deste meu depoimento. Os 42 artigos que integram a Declaração, que foi aceite por

leva à prática na vida de povos e pessoas, pelos diferentes cidadãos. Mas o mundo está mau repartido, e quando falamos de crianças ainda mais. Em Ocidente, com uma perda de valores galopante, com muita miséria mental (que é a pior das misérias) enorme, os rapazes têm de tudo, mas não valorizam nada, precisamente por ter tanto. São pouco felizes, não sabem jogar nem divertir-se. Como dizia a minha mãe Rosa, o que têm é muita naturria. Por outra parte, há um problema que deveria preocupar-nos a todos: não nascem crianças, porque, por comodidade ou outras razões, os pais não querem ter filhos. Alguns preferem levar um cancinho tirado dum cordel, que um menino ou menina no seu colo. A baixa natalidade, por exemplo, nas pro-

algumas colocadas em polos opostos. Conheço Bangladesh, por estar em aquele lindo país asiático por duas vezes durante um certo tempo. A última nos primeiros meses do ano 2012. Bangladesh não é, pela sua natureza e as suas matérias primas, um país pobre. O que se passa é que tem uma grande superpopulação, para a extensão do seu território habitável. Nascem crianças como fungos, não há qualquer controlo da natalidade. Os pais, muito ao seu pesar, têm que abandonar os filhos por não ter para dar-lhes de comer e poder mantê-los. Não os vão matar, como antigamente se fazia com os gatos tirados ao rio metidos num saco. Pelas ruas de Daca há infinidade de crianças que não conhecem seus pais. Hoje existem muitas ONGs que mantêm escolas e casas de acolhida para estas crianças. Eu gostaria de abrir lá uma escola para, com ajuda de nossas ONGs e pessoas particulares, poder colocar o meu grau de areia, para ajudar a algumas crianças bangladeshis que vivem esta grave situação. Crianças que, ademais de muito lindas, e apesares de estar sem pais e sem recursos, são agradáveis, alegres, educadas, bondosas e muito agradecidas. Com 300 euros ao mês se pode manter uma escola para mais de cem crianças. Com esta quantidade chega para o pagamento do aluguer do local, honorários dos mestres, comida e alojamento dos rapazes e os gastos correntes (luz, gas, água...). E logo em Europa queixamo-nos! Noutro país tão lindo e tão próximo, lingüísticamente falando, como Cabo Verde, quase todos os rapazes têm um posto escolar. Mas o seu grave problema é não ter água potável ou ter muito pouca. Na ilha de Santiago (na que está a capital da República caboverdiana), estive no mês de outubro de 2009 durante uma semana. Ali comprovei que 17 escolas de primária de toda uma comarca necessitavam com urgência ajuda para poder comprar um camião-cisterna para levar-lhes água potável e calmar assim

a sua sede e manter a sua higiene. Seria tão difícil organizar uma campanha solidária popular para recadar fundos para comprar-lhes um camião que necessitavam urgentemente? Neste momento encontre-me na Bengala indiana, na formosa localidade tagoreana de Santiniketon. Há muitos poucos anos que se aprovou pelo Parlamento de Deli uma lei geral pela que se estabelece na Índia a escolarização obrigatória e gratuita de todas as crianças em idade escolar. Mas ainda não passar muitos anos

lares fundamentais (livros, cadernos e lápis). Mas, o mais grave é o baixíssimo índice de escolarização das meninas. Tema da maior urgência em Índia, pois as mulheres continuam numa injusta marginalização. Inmerecida e imoral, sendo como é tão importante que as meninas vão à escola e se alfabetizem. Aspecto tão vital que também é um grande problema na maioria dos países árabes e africanos. Outro dia teríamos que comentar a situação extrema na que vivem os rapazes em países com conflitos



muitos países do mundo, recolhem outros muitos temas relacionados com as crianças: a sua saúde, a sua educação, o seu bem-estar... Todos eles são interessantes e muito lindos se se respeitam na prática, o que infelizmente não acontece em muitos recantos do Planeta Azul. É o mesmo que o evangelho cristão, que é muito mais formoso se se

víncias de Ourense e Lugo, no caso da Galiza, é para mim o maior de todos os problemas que temos. Ao que, com urgência devemos pôr remédio.

Se comparamos o nosso grave problema de ínfima natalidade com a realidade doutros países em outros continentes, no que se refere ao mundo das crianças, encontramos situações diversas e



para que seja efetiva na sua totalidade, embora ser este país o que mais progressa economicamente do mundo. Aqui mesmo onde estou há muitas aldeias dos povos primitivos Santales, nos que não chegam a ter escola mais do 20 por cento dos meninos e é necessário abrir muitas escolas para escolarizar a todos. O que não teria muito custo, pois poderiam dar-se as aulas ao ar livre e só haveria os gastos dos honorários do mestre e materiais esco-

bólicos. Crianças que não conhecem, desde que nasceram, outra realidade que não fosse a da guerra. Os filmes «A Pizarra» e «Buda, explorou por vergonha» são modélicos na apresentação destes problemas. E «Moolandé» do senegalês Sembene Ousmane, exemplo da barbaridade que se comete com as meninas de alguns países do centro da África. Onde por desgraça ainda se pratica a ablação (eliminação do clítoris nas meninas).

